

A participación social da muller inmigrante

na cidade de Vigo
e a súa área intermunicipal



XUNTA DE GALICIA



Edita:

FUNDACIÓN ÉRGUETE - INTEGRACIÓN

Avda. Martínez Garrido, 21 int

36205 Vigo (Pontevedra)

Telf.: 986 253 176. Fax: 986 263 297

E-mail: funderguete@terra.es

Web: www.fundacionerguete.org

Autores:

María López Correa

Isaac Rodríguez Alén (persoal colaborador)

Deseño:

Quin Alborés

Maquetación:

Pablo Gutiérrez

Imprime:

GRÁFICAS ALBORÉS

Depósito Legal:

XXXXXXXXXXXXXXXXXX

índice

LIMIAR	5
INTRODUCCIÓN	7
FICHA TÉCNICA	8
MARCO NORMATIVO	10
ANÁLISE DA REALIDADE	14
XUSTIFICACIÓN	22
HIPÓTESE DE ESTUDO	26
LIÑAS DE INVESTIGACIÓN	27
OBXECTIVOS	28
ANÁLISE DOS DATOS	29
A Inmigración Feminina na Mancomunidade de Vigo	30
A Participación Social na Mancomunidade de Vigo	44
A Muller Inmigrante na Mancomunidade de Vigo	50
CONCLUSIÓN	58
METODOLOXÍA	70
BIBLIOGRAFÍA	72
ANEXOS	73





Limiar

En decembro do 2007 cúmprense dez anos do comezo dos programas de emprego e formación de Érguete. Dous anos despois, en 1999, nacería a Fundación Érguete Integración, co fin de levar a cabo programas específicos, formativos e de incorporación laboral de persoas en risco ou situación de exclusión social.

Do que foi unha Escola Obradoiro dirixida a 45 menores de 25 anos para a súa cualificación persoal e profesional de cara á busca dun traballo remunerado, pasamos a dar formación a máis de 150 persoas anualmente, a atender e asesorar a máis de 500 persoas en diferentes programas, a ter contratadas a sete persoas na nosa primeira Empresa de Inserción (Cormo Integral S.L.U.) ou a contratar a 25 persoas privadas de liberdade en tarefas de vixilancia e prevención de incendios.

Desde 1999 ata agora, moitas foron as cousas que cambiaron na Fundación Érguete Integración e os/as profesionais que nela traballamos fomos apuntando, en función do mercado laboral e as circunstancias demográficas ou sociais, os camiños polos que a día de hoxe transitamos. Unha das sendas polas que tiñamos que dirixirnos, sen dúbida, era a atención, formación e inserción laboral das persoas migrantes.

E, por que unha atención especializada aos emigrantes e inmigrantes?, por que un programa específico dirixido a este colectivo? A resposta é sinxela. Por unha banda porque desde os primeiros anos do século XXI o número de consultas e o número de migrantes participantes nos nosos programas de formación e emprego triplicáronse; por outra banda, por ser unha poboación que necesita

unha atención especializada que saiba dar resposta, ou derivar, ás moitas cuestións, a grande parte delas novidosas, que se nos plantexaron.

Así, desde o ano 2005, a Fundación Érguete Integración dispón dun programa específico para a atención e incorporación social de persoas inmigrantes e emigrantes cuns resultados satisfactorios que melloran cuantitativa e cualitativamente ano a ano.

Desde ese mesmo ano, comezamos a contar coa colaboración da Secretaría Xeral de Emigración, dentro da Consellería da Presidencia da Xunta de Galicia, feito que nos permite ofertar un servizo cada vez de maior calidade e condúcenos, ao mesmo tempo, a plantexarnos a realización de estudos específicos sobre a poboación emigrante e inmigrante.

Así naceu o estudo “A Participación Social da Muller Inmigrante na Cidade de Vigo e a súa Área Intermunicipal”, realizado coa colaboración da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar e a Secretaría Xeral de Igualdade da Xunta de Galicia. É, polo tanto, o primeiro estudo científico que sobre a poboación inmigrante levamos a cabo desde a Fundación e que formará parte dunha serie de traballos que iremos presentando e publicando ano a ano co obxectivo de coñecer mellor e facilitar a incorporación destas poboacións na sociedade galega e, máis concretamente, na sociedade de Vigo e da súa área de influencia.

A Fundación Érguete Integración.





Introdución

O presente estudo pretende analizar, partindo de datos cuantitativos e cualitativos da poboación inmigrante do Concello de Vigo e a súa Área Intermunicipal, aspectos sobre a actividade social, profesional, educativa e participativa das mulleres inmigrantes, así como a construción de discursos de xénero desde a óptica das migracións.

Segundo os últimos datos do Instituto Nacional de Estatística, Galicia actualmente ocupa o oitavo lugar en España por volume de inmigrantes. A importancia da inmigración na nosa comunidade radica en que a poboación estranxeira residente é bastante nova e existe un predominio de mulleres – 110 mulleres por cada 100 homes –. Polo tanto, podemos afirmar que máis da metade dos/as inmigrantes que viven en Galicia, un 51,81%, son mulleres de entre 25 e 39 anos, segundo un estudo publicado pola Xunta de Galicia.

A revolución da muller inmigrante vén acontecendo nos últimos anos de maneira continua e case imperceptíbel. Pero aínda que no discurso social mantense que a muller inmigrante é invisíbel, ten un papel determinante tanto pola súa aportación económica como por ser unha ponte cara a integración.

O feito migratorio feminino vése alentado polas novas relacións de xénero nos países de acollida. As mulleres

europas que traballan fóra do fogar atópanse cunha dobre xornada laboral difícil de soste. O avellentamento da poboación, o retroceso ou ausencia de políticas sociais e a lenta toma de conciencia da importancia da corresponsabilidade por parte dos homes son algúns dos factores causantes da forte demanda de traballadoras estranxeiras. Como consecuencia, detrás dunha muller que traballa fóra do fogar hai outra muller que ocupa o seu lugar nas tarefas domésticas.

Nas sociedades receptoras téndese a visualizar a inmigración como se fora cousa de homes e, pola contra, a muller inmigrante comeza a ter cada vez máis protagonismo, como baluarte económico da familia pero tamén como elemento clave nos procesos de integración a través da escola ou o barrio, onde interveñen moito máis que os homes.

A muller inmigrante non só participa activa e decisivamente no fenómeno migratorio senón que, ademais, contribúe ao desenvolvemento e futuro da sociedade de acollida (cotizacións á Seguridade Social, recuperación demográfica, etc.), debendo de afrontar, porén, grandes dificultades de toda orde (económica, lingüística, psicolóxica ou administrativa), cando non a vulneración dos seus dereitos básicos na esfera persoal ou social.

Ficha técnica

O presente proxecto ten como obxecto de estudo e investigación os niveis de participación social da muller inmigrante na Área Intermunicipal de Vigo (concellos de Nigrán, Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Pazos de Borbén, Mos, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaior e Vigo).

A investigación estrutúrase en tres frases:

▼ Fase Cuantitativa

Baseada na obtención dos datos cuantitativos que enmarcan o ámbito do estudo: Concello de Vigo e a súa Área Intermunicipal.

Para a obtención destes datos recórruse ás seguintes fontes de información:

- Padróns Municipais
- Rexistros de Participación Cidadá
- Rexistros de Asociacións de Inmigrantes
- ANPAS de centros de Ensino Primario e Secundario
- Federacións de Asociacións de Veciños e Asociacións Veciñais
- ONG´s dos diferentes concellos

▼ Fase Cualitativa

Análise, comparación e interpretación dos datos obtidos.

Complementariamente, achegouse unha enquisa ás diferentes fontes de obtención de datos a cubrir polas mulleres inmigrantes coa finalidade de delimitar o perfil daquelas cun papel activo na vida social e participativa do seu concello de residencia.

Realizamos un muestreo de 80 enquisas entre as mulleres inmigrantes dos diferentes concellos que conforman a Mancomunidade de Vigo. As enquisas segúronse o modelo que se achega no Anexo I e foron realizadas mediante entrevista persoal ou telefónica.

Empregamos, ademais, dous métodos de selección das mulleres que respostaron aos cuestionarios: por un lado escolléronse aleatoriamente un determinado número delas que acudían aos servizos municipais dos diferentes concellos presentes no estudo; por outro, seleccionamos un número determinado de expedientes das usuarias da Fundación Érguete e as entrevistamos posteriormente.

▼ Fase de Conclusións

Entrevistas persoais nos sectores cunha notábel presenza de participación feminina.

Buscouse identificar as causas e as vías de participación normalizadas para este colectivo, así como a natureza desta participación, as responsabilidades ás que se ten acceso e as súas consecuencias para a colectividade inmigrante feminina e para a colectividade inmigrante en xeral.

Intentouse, ademais, efectuar entrevistas ás mulleres co cargo de máis peso dentro destes sectores, pero á luz dos datos obtidos non foi posíbel levar a cabo esta parte do estudo xa que non atopamos mulleres estranxeiras con cargo relevante en ningunha das asociacións ou entidades consultadas dentro da Mancomunidade de Vigo.



Marco normativo

A petición do Consello de Xustiza e Asuntos de Interior (JAI) de 2002, favorábel á creación de puntos de contacto nacionais para a integración, o Consello Europeo de xuño de 2003 convidou á Comisión a presentar un informe anual sobre migración e integración. Na súa *“Comunicación sobre migración, integración e emprego”*, a Comisión presentou un enfoque global da integración. En novembro de 2004, publicou a primeira edición do *“Manual sobre a integración para responsábeis da formulación de políticas e profesionais”*. O programa adoptado polo Consello Europeo de 4 y 5 de novembro de 2004, subliña a necesidade dunha maior coordinación das políticas nacionais de integración e das iniciativas da UE neste ámbito.

O Consello JAI de 19 de novembro de 2004 adoptou uns Principios Básicos Comúns (PBC) destinados a fundamentar un marco europeo coherente en materia de integración dos/as nacionais de terceiros países, nos que se propoñen determinadas orientacións para as políticas de integración:

- A integración é un proceso bidireccional e dinámico de axuste mutuo por parte de todos os/as inmigrantes e residentes dos Estados membros.
- A integración implica o respecto dos valores básicos da Unión Europea.
- O emprego constitúe unha parte fundamental do proceso de integración.

- Un coñecemento básico do idioma, a historia e as institucións da sociedade de acollida é indispensable para a integración.
- Os esforzos realizados na educación son fundamentais.
- O acceso dos/as inmigrantes ás institucións e aos bens e servizos tanto públicos como privados, nas mesmas condicións que os/as cidadáns nacionais e sen discriminacións é un requisito esencial para unha mellor integración.
- Unha interacción frecuente entre inmigrantes e cidadáns/ás dos Estados membros é un mecanismo fundamental para a integración.
- A práctica de diversas culturas e relixións [...] debe quedar salvagardada.
- A participación dos/as inmigrantes no proceso democrático e na formulación das políticas e medidas de integración, especialmente a escala local, favorece a súa integración.
- Fomentar un enfoque máis coherente da integración na UE.

A escala nacional, para a posta en práctica destes Principios Básicos, a Comisión propón reforzar a capacidade da sociedade que acolle aos/ás inmigrantes para adaptarse á diversidade e prever as discriminacións,

facendo fincapé no aspecto cívico dos programas de acollida; reforzar tamén a capacidade dos/as prestata- rios de servizos públicos e privados de cooperar cos/as inmigrantes, establecendo estruturas organizativas duraderas para a integración e fomentando actividades nas que os/as emigrantes cooperen coa sociedade que lles acolle; igualmente, reforzar a capacidade de coordi- nación nos distintos niveis da Administración e a partici- pación cívica, cultural e política dos/as emigrantes na sociedade de acollida a través da creación de asociacións de emigrantes que melloren o diálogo e apoio entre elas; e fomentar unha cidadanía activa desenvolvendo un diá- logo intercultural construtivo e unha reflexión pública que promova plataformas de diálogo.

A escala europea, propón apoiar os proxectos destinados á cooperación comunitaria e ao coñecemento dos valo- res fundamentais da EU, animando aos Estados membros a organizar políticas de integración no mercado laboral que controlen a aplicación das directivas sobre discrimi- nación na contratación; incorporar aos programas obxectivos de integración no ámbito da educación e facilitar o recoñecemento transparente das cualifica- cións; e fomentar as políticas de inclusión, protección social e boas prácticas favorecendo a creación dunha plataforma de organizacións de emigrantes na UE.

Nos últimos anos a Comisión Europea insiste no carácter holístico das políticas de integración, nas que se debe ter en conta *“non só os aspectos económicos e sociais da integración, senón tamén os problemas relacionados coa diversidade cultural e relixiosa, a cidadanía, a partici- pación e os dereitos políticos”*.

Igualmente, a Comisión Europea propuso o concepto de *“ciudadanía cívica”* como *“un conxunto de dereitos e obri-*

gas básicas que os/as inmigrantes adquiren progresiva- mente nun período de varios anos, de tal xeito que reci- ban o mesmo trato que os/as cidadáns do seu Estado de acollida, aínda que non fosen naturalizados/as”.

No caso de España, o artigo primeiro da Constitución propugna como valores superiores do ordenamento xurí- dico a liberdade, a xustiza, a igualdade e o pluralismo político.

O compromiso do Goberno español coas políticas de integración púxose de manifesto no ámbito institucio- nal, entre outros aspectos, na creación dunha *Dirección Xeral de Integración dos/as Inmigrantes*, na creación e dotación do *Fondo de Apoio á Acollida e á Integración dos/as Inmigrantes* así como para o reforzo educativo dos mesmos e no deseño do *Plan Estratéxico de Cidadanía e Integración 2007-2010*.

O Plan Estratéxico de Cidadanía e Integración 2007- 2010 susténtase en tres principios políticos que orien- tan todas as súas actuacións, sendo o segundo deles *“O principio de cidadanía, que implica o recoñecemento da plena participación cívica, social, económica, cultural e política dos cidadáns e cidadás inmigrantes”*.

Establécense igualmente dez obxectivos xerais para o Plan, dos cales o 1º apunta ao *“recoñecemento dos ple- nos dereitos civís, sociais, económicos, culturais e políti- cos dos/as inmigrantes”* e o 7º á *“introdución da perspec- tiva de xénero tanto no relativo á elaboración de políti- cas de integración, como á súa aplicación”*.

Estamos, pois, ante a incorporación transversal da cuestión inmigrante en todos os aspectos da xestión pública.

▼ A PARTICIPACIÓN CIDADÁ

O Informe de Desenvolvemento Humano de 2004 publicado polo programa das Nacións Unidas (PNUD) con título *“Liberdade Cultural no Mundo Diverso de Hoxe”* define como unha das formas de exclusión máis relevantes a exclusión da participación.

A participación enténdese, en palabras de Carlos Giménez, como *“estar presente en, ser parte de, ser tomado en conta por y para, involucrarse, intervenir en, etc. participar es influir, responsabilizarse. La participación es un proceso que enlaza necesariamente a los sujetos y los grupos; la participación de alguien en algo, relaciona a ese uno con los otros también involucrados. Ser participante implica ser coagente, cooperante, coautor, corresponsable...”*

Pola súa parte, a participación cidadá relaciónase principalmente coas democracias participativa e directa e responde a un modelo político que facilita aos cidadáns e cidadás a súa capacidade de asociarse e organizarse de tal modo que poidan exercer unha influencia directa sobre as decisións públicas.

Nas democracias modernas normalmente teñen a condición de cidadáns/ás todos os homes e mulleres maiores de idade – fixada en case todos os casos nos dezaoitos anos – membros da comunidade política, que adquiren unha serie de dereitos e obrigas asociados á maioría de idade, destacando como máis importantes os dereitos de participación política materializados no dereito a voto, que é a seña de identidade das modernas democracias representativas.

Partindo da lexislación de estranxeiría española, a participación dos/as inmigrantes presenta unha perspectiva máis restritiva e menos favorecedora dos procesos de integración anteriormente mencionados. O regulamento vixente - desde a promulgación da *Lei 4/2000* e as sucesivas modificacións ata o actual *Real Decreto 2393/2004, de 30 de decembro*, polo que se aproba o Regulamento da *Lei Orgánica 4/2000, de 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social* – establece:

- *Sobre a liberdade de reunión: “los extranjeros disfrutarán del derecho de sindicación, reunión y asociación y huelga pero sólo podrán ejercerlos cuando obtengan autorización de estancia y/o residencia en España”.*
- *Sobre o dereito ao traballo e á seguridade social: “Los extranjeros que reúnan los requisitos previstos en esta Ley Orgánica y en las disposiciones que la desarrollen, tendrán derecho a ejercer una actividad remunerada por cuenta propia o ajena, así como el acceso al Sistema de la Seguridad Social, de conformidad con la legislación vigente”.*
- *Sobre o dereito á vida familiar: “Los extranjeros residentes tienen derecho a la vida en familia y a la intimidad familiar en la forma prevista en esta Ley Orgánica y de acuerdo con los Tratados Internacionales suscritos por España”.*

- *Sobre o dereito á educación: “Los extranjeros residentes tendrán derecho a la educación de naturaleza no obligatoria en las mismas condiciones que los españoles”.*
- *Sobre o dereito á asistencia xurídica gratuíta: “Los extranjeros que se hallen en España y carezcan de recursos, tienen derecho a la asistencia jurídica gratuita en los procesos administrativos o judiciales que puedan conducir a la denegación de su entrada, a su devolución o a su expulsión; tienen el mismo derecho en los procedimientos relativos al asilo. Si no comprenden o no hablan la lengua oficial que se utilice en el procedimiento, también tienen derecho a un intérprete”.*

O marco xurídico de estranxeiría no que se atopa España dificulta o acceso do estranxeiro/a a algúns dos dereitos civís fundamentais e contradícense algúns dos principios dos *“Dereitos Humanos”* e dos tratados internacionais como o *“Pacto Internacional de Dereitos Económicos, Sociais e Culturais”*, a *“Convención Europea dos Dereitos Humanos”*, o *“Pacto Internacional de Dereitos Civís e Políticos”* ou a *“Convención dos Dereitos do Neno”*.



Análise da realidade

Galicia aumentou a súa poboación durante o último ano nun 0,07%.

Segundo os datos do Instituto Nacional de Estatística, a 1 de xaneiro de 2006 hai empadroados en Galicia 2.764.250 galegos/as, 2.052 máis que no 2005. Este incremento ten practicamente, como única fonte, a chegada de inmigrantes.

Segundo o estudo demográfico realizado polo Instituto Nacional de Estatística, no último ano houbo un incremento de estranxeiros/as do 3,5%. Grazas a esta poboación foránea, o padrón galego pode estabilizarse en

torno aos 2,76 millóns de habitantes. O número de inmigrantes procedentes do estranxeiro contabilizados na comunidade alcanza os 73.756 habitantes. O saldo migratorio permite manter en Galicia un crecemento demográfico positivo.

Aínda así, Galicia foi a sexta comunidade autónoma entre xaneiro de 2005 e xaneiro de 2006 con menos chegadas de estranxeiros/as, comunitarios ou non. País Vasco, Castela e León e A Rioxa lideraron ese crecemento, con polo menos un 11% máis nun só exercicio. Estas dúas últimas comunidades son ademais zonas en depresión demográfica.

Evolución nos últimos anos do número de estranxeiros/as, a 01 de xaneiro de cada ano

	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006
España	923.879	1.370.657	1.977.946	2.664.168	3.034.326	3.730.610	4.144.166
Galicia	25.602	33.058	42.462	53.808	58.387	69.363	73.756

Fonte: INE - Padrón Municipal de habitantes.

Padrón Municipal de habitantes (1/01/06)
Poboación segundo nacionalidade por Comunidades Autónomas.

CC. AA.	Total	Españóis	Estranxeiros/as	% Estranx.
Andalucía	7.975.672	7.486.744	488.928	6,5
Cataluña	7.134.697	6.220.940	913.757	14,7
Madrid	6.008.183	5.207.671	800.512	15,4
C. Valenciana	4.806.908	4.138.833	668.075	16,1
Galicia	2.767.524	2.693.768	73.756	2,7
Castela e León	2.523.020	2.416.861	106.159	4,4
País Vasco	2.133.684	2.048.142	85.542	4,2
Canarias	1.995.833	1.762.386	233.447	13,2
Castela A Mancha	1.932.261	1.799.536	132.725	7,4
Murcia	1.370.306	1.181.253	189.053	16,0
Aragón	1.277.471	1.172.110	105.361	9,0
Extremadura	1.086.373	1.058.906	27.467	2,6
Asturias	1.076.896	1.046.638	30.258	2,9
Baleares	1.001.062	826.861	167.751	20,1
Navarra	601.874	546.430	55.444	10,1
Cantabria	568.091	544.257	23.834	4,4
A Rioxa	306.377	271.340	35.037	12,9
Ceuta	75.276	72.239	3.037	4,0
Melilla	65.488	62.597	2.891	4,4
Total	44.566.232	40.429.126	4.137.106	10,2

Fonte: INE - Padrón Municipal de habitantes.

A poboación estranxeira que vive na comunidade ascende a 73.756 persoas. No ano 2.000 apenas sobrepasaba as 25.000. Isto é o que se extrae dos últimos datos do Instituto Nacional de Estatística que reflicten que, na actualidade, viven na comunidade galega 73.756 estranxeiros/as, un 169,5% máis que hai cinco anos. O crecemento da poboación inmigrante foi constante desde 1998. Nese ano, residían en Galicia un total de 19.693 inmigrantes. O número foi crecendo progresivamente ata chegar aos máis de 73.500 que hai agora.

O incremento motivado polos estranxeiros/as rexistrados nos concellos galegos foi común nas catro provincias galegas. En Lugo hai un 13% máis de inmigrantes no último ano e en Ourense un 6% máis. Os novos datos tamén confirman que as dúas provincias do Eixo Atlántico concentran a balanza positiva da poboación de Galicia. Entre A Coruña e Pontevedra suman o 71% de todos os estranxeiros/as da comunidade.

Pontevedra é a provincia galega que acolle a un maior número de inmigrantes, por encima das 28.000 persoas, seguida da Coruña na que actualmente residen máis de 25.000 estranxeiros/as. O terceiro lugar ocúpao Ourense que supera os 12.000 inmigrantes e, por último Lugo, que no último ano alcanzou os 7.992 inmigrantes residentes na provincia.

Polo que respecta aos países europeos, Italia, Francia, Reino Unido e Alemaña son os que teñen máis presenza na inmigración que chega a Galicia.

En canto aos países de orixe, o país veciño Portugal, encabeza o ránking de nacionalidades. Case o 17% dos/as inmigrantes que residen en Galicia proceden do país luso, mentres que o 12% chega de Colombia e un 11% da Arxentina.

Padrón Municipal de habitantes (1/01/06). Poboación estranxeira por sexo.

	Total	Varóns	Mulleres
Galicia	73.756	35.531	38.225
A Coruña	25.468	11.688	13.780
Lugo	7.992	3.783	4.209
Ourense	12.116	5.771	6.345
Pontevedra	28.180	14.289	13.891

Fonte: INE - Padrón Municipal de habitantes.

Os portugueses/as, que representan o 60% dos comunitarios que viven en Galicia teñen unha forte presenza pola proximidade xeográfica, co seu país de orixe nos municipios fronterizos coa provincia de Ourense, especialmente en Xinzo de Limia, Verín, Carballeda O Barco e A Mezquita. Entre os africanos/as destacan os marroquís que, pola súa distribución, amosan unha clara preferencia por Vigo e A Coruña onde tamén hai unha gran presenza de asiáticos/as.

Cinco nacionalidades conforman máis da metade de todo o rexistro do exterior. Concretamente está conformado principalmente por portugueses/as (13.224 segundo o INE, rexistrados/as en Galicia) e moitos latinoamericanos/as: colombianos/as (8.063), brasileiros/as (case 6.443) e argentinos/as (arredor de 6.284). Por proximidade e por reminiscencias da emigración a ultramar, Galicia diferénciase así da tendencia do resto do Estado, onde abundan marroquís, ecuatorianos/as e romaneses/as, que son un terzo dos 3,8 millóns de estranxeiros/as rexistrados nos padróns municipais.

[> ver gráfico páxina 18](#)

De feito, cinco nacionalidades (as anteriores máis uruguayos/as e venezolanos/as) conforman o 56% de todo o rexistro de inmigrantes en Galicia, segundo o informe do INE. Por detrás sí se atopan marroquís, romaneses/as ou ecuatorianos/as, pero en número inferior.

Estas cifras confirmanse igualmente na variábel da inmigración feminina.

[> ver gráfico páxina 19](#)

Os municipios da Mancomunidade de Vigo representan o máis importante asentamento de estranxeiros/as dentro da provincia pontevedresa, atopándose os concellos que a conforman (concellos de Nigrán, Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Pazos de Borbén, Mos, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaior e Vigo) nos lugares máis representativos da táboa.

[> ver gráfico páxina 20](#)

Padrón Municipal de Habitantes. 1/01/06
Estranxeiros/as en Galicia e provincias, segundo nacionalidade.

Países de nacionalidade	Galicia	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total	73.756	25.468	7.992	12.116	28.180
Portugal	13.224	1.807	1.391	4.898	5.128
Colombia	8.063	2.962	1.141	1.111	2.849
O Brasil	6.443	2.231	761	1.047	2.404
A Arxentina	6.284	2.619	429	565	2.671
O Uruguai	4.013	1.705	229	104	1.975
Venezuela	3.818	1.454	319	813	1.232
Marrocos	3.754	1.036	608	443	1.667
Italia	2.589	1.180	161	246	1.002
Romanía	2.201	712	295	359	835
Cuba	1.789	787	238	196	568
A Rep. Dominicana	1.785	640	569	314	262
Perú	1.659	749	276	39	595
O Ecuador	1.511	496	119	312	584
Francia	1.375	431	135	192	617
Reino Unido	1.303	687	130	56	430
A China	1.270	603	122	99	446
Alemaña	1.052	367	56	159	470
Os Estados Unidos	959	583	71	77	228
Senegal	853	386	6	56	405
Bolivia	838	313	84	52	389
Chile	697	436	34	35	192
O Paraguai	652	257	20	42	333
México	577	240	18	125	194
Bulgaria	505	140	98	67	200
Rusia	454	217	23	30	184
Ghana	434	8	3	1	422
Suíza	396	155	65	94	82
Alxeria	396	150	27	47	172
Ucraina	394	155	31	53	155
Nixeria	349	100	61	13	175
Os Países Baixos	280	122	23	30	105
O Cabo Verde	266	40	191	12	23
Polonia	241	125	7	32	77
Bélxica	187	88	18	8	73
Irlanda	144	80	9	11	44
Moldavia	133	80	3	9	41
Lituania	107	41	16	5	45
Angola	104	31	10	8	55
Demais nacionalidades*	2.657	1.255	195	356	851

Fonte: INE - Padrón Municipal de habitantes. * Con menos de 100

Padrón Municipal de Habitantes. Avance a 1/01/07
Estranxeiras empadroados en Galicia, segundo nacionalidade.

País de nacionalidade	GALICIA	A Coruña	Lugo	Ourense	Pontevedra
Total (Mulleres)	41.608	15.005	4.589	6.382	15.632
Portugal	6.115	953	629	2.190	2.343
O Brasil	5.495	2.011	666	869	1.949
Colombia	5.346	2.084	738	625	1.899
A Arxentina	2.976	1.204	191	240	1.341
Marrocos	1.393	407	203	156	627
O Uruguai	2.091	889	134	62	1.006
Venezuela	2.332	874	213	450	795
Romanía	1.514	523	195	241	555
Italia	1.158	531	72	118	437
Perú	1.004	478	129	32	365
A Rep. Dominicana	1.430	532	429	243	226
Cuba	1.027	457	154	104	312
Francia	744	243	64	96	341
A China	683	307	59	63	254
Reino Unido	685	335	80	30	240
O Ecuador	843	318	64	135	326
Bolivia	718	272	77	47	322
Alemaña	513	180	23	80	230
O Senegal	104	39	0	8	57
O Paraguai	772	269	34	52	417
EEUU	473	283	24	33	133
Chile	365	219	21	29	96
México	384	164	17	72	131
Bulgaria	236	68	21	34	113
Rusia	313	154	9	19	131
Ghana	31	0	0	0	31
Suíza	227	93	31	55	48
Alxeria	79	23	7	13	36
Ucráina	186	81	17	31	57
Nixeria	227	72	36	13	106
Polonia	177	90	11	29	47
Os Países Baixos	162	65	18	16	63
O Cabo Verde	121	21	85	5	10
Bélxica	97	39	5	7	46
Irlanda	81	42	10	6	23
Moldavia	65	39	3	8	15
Lituania	71	26	15	4	26
Noruega	54	47	1	1	5
Angola	54	18	2	2	32
Demais nacionalidades *	1.262	555	102	164	441

Municipios con maior número de estranxeiros/as. Pontevedra (1/01/2006)

Municipios	Total Poboación	Total estranxeiros	Unión Europea	Resto de Europa	África	América	Asia	Oceanía e Apátridas	% sobre total
Total	943.117	28.180	8.204	1.627	3.108	14.605	579	57	2,99%
Vigo	293.255	11.245	3.029	545	855	6.488	320	8	3,83%
Pontevedra	80.096	2.834	359	119	403	1.848	105	0	3,54%
V. Arousa	36.519	1.376	255	99	43	955	23	1	3,77%
Marín	26.190	1.068	73	88	554	342	11	0	4,08%
Ponteareas	21.993	1.030	399	30	28	563	9	1	4,68%
Tui	16.925	781	383	11	180	200	7	0	4,61%
Lalín	20.779	606	121	63	65	352	5	0	2,92%
Porriño (0)	16.617	585	234	24	72	247	8	0	3,52%
Redondela	30.029	563	138	25	167	223	4	6	1,87%
Cangas	25.202	513	96	36	155	195	8	23	2,04%
Nigrán	17.631	446	199	15	13	215	3	1	2,53%
Poio	15.201	440	82	40	33	277	7	1	2,89%
Tomíño	12.278	392	280	9	8	95	0	0	3,19%
Sanxenxo	16.914	375	154	15	5	196	5	0	2,22%
Baiona	11.653	347	177	27	1	135	7	0	2,98%
Salceda de Caselas	7.402	341	140	9	55	135	2	0	4,61%
Silleda	9.058	318	88	101	7	120	2	0	3,51%
Grove (0)	11.225	315	98	25	10	177	5	0	2,81%
Salvaterra de Miño	8.505	309	229	5	20	53	0	2	3,63%
Estrada (A)	22.013	299	118	12	6	155	8	0	1,36%
Vilaboa	6.030	268	26	10	186	43	1	2	4,44%
Mos	14.283	256	127	9	19	101	0	0	1,79%
Cambados	13.562	249	60	26	11	147	5	0	1,84%
Soutomaior	6.110	245	49	4	101	85	6	0	4,01%
Guarda (A)	10.254	241	146	9	7	72	7	0	2,35%
Gondomar	12.888	216	61	14	6	134	0	1	1,68%
Caldas de Reis	9.730	204	23	21	6	143	10	1	2,10%
Moaña	18.432	197	65	29	6	94	3	0	1,07%
Covelo	3.602	149	130	7	1	11	0	0	4,14%
Vilanova de Arousa	10.592	149	46	11	6	83	3	0	1,41%
Lama (A)	3.022	122	52	2	15	52	1	0	4,04%
Bueu	12.537	113	29	6	7	71	0	0	0,90%


Municipios con maior número de estranxeiros/as. Pontevedra (1/01/2006)

Municipios	Total Poboación	Total estranxeiros	Unión Europea	Resto de Europa	África	América	Asia	Oceanía e Apátridas	% sobre total
Cañiza (A)	6.714	111	65	7	2	37	0	0	1,65%
Rosal (O)	6.326	110	73	7	3	26	1	0	1,74%
Ribadumia	4.529	106	11	60	0	35	0	0	2,34%
Vila de Cruces	6.644	103	23	30	3	47	0	0	1,55%
Ponte Caldelas	6.513	84	47	1	7	23	0	6	1,29%
Arbo	3.955	82	58	1	1	22	0	0	2,07%
Crecente	2.677	81	75	1	1	3	0	1	3,03%
Neves (As)	4.473	81	63	1	2	15	0	0	1,81%
Cuntis	5.267	60	21	6	6	25	2	0	1,14%
Pazos de Borbén	3.179	57	11	24	3	19	0	0	1,79%
Pontecesures	3.120	57	5	0	10	42	0	0	1,83%
Cotobade	4.608	55	18	2	0	35	0	0	1,19%
Oia	3.140	52	37	1	3	11	0	0	1,66%
Meaño	5.494	50	21	1	3	25	0	0	0,91%
Mondariz	5.354	46	31	2	1	12	0	0	0,86%
Valga	6.116	45	10	1	1	32	1	0	0,74%
Moraña	4.274	41	11	10	1	18	0	1	0,96%
Illa de Arousa	4.849	41	12	2	1	25	0	1	0,85%
Agolada	3.286	36	10	10	0	16	0	0	1,10%
Meis	5.001	31	16	0	1	14	0	0	0,62%
Rodeiro	3.317	31	16	1	4	10	0	0	0,93%
Forcarei	4.505	30	6	8	0	16	0	0	0,67%
Portas	3.174	30	12	0	0	18	0	0	0,95%
Mondariz-Balneario	740	29	19	1	0	9	0	0	3,92%
Catoira	3.482	28	10	0	0	18	0	0	0,80%
Cerdedo	2.330	28	13	0	2	13	0	0	1,20%
Fornelos de Montes	2.042	26	21	1	0	3	0	1	1,27%
Barro	3.402	22	8	1	2	11	0	0	0,65%
Campo Lameiro	2.132	22	10	0	0	12	0	0	1,03%
Dozón	1.947	13	5	2	0	6	0	0	0,67%


Fonte: INE - Revisión do Padrón municipal 2006

Xustificación

A Mancomunidade de Vigo abrangue un territorio extenso de 675,9 Km² que supón o 15% da provincia de Pontevedra e o 2% do total galego.



Os concellos que compoñen na actualidade a Mancomunidade de Vigo (MAIV) son Nigrán, Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Pazos de Borbén, Mos, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaior e Vigo.



En Galicia fixaron a súa residencia na última década 73.756 estranxeiros/as, dos cales 28.180 fixéronno na provincia de Pontevedra.

Case o 50% desta poboación estranxeira son mulleres - 13.891 - con idades comprendidas entre os 20 e os 45 anos, dato que supón que falamos do perfil dunha muller en idade laboral que emigra para traballar.

Padrón Municipal de habitantes (1/01/06)
Poboación estranxeira por sexo e grupos de idade

Galicia				Pontevedra			
Grupo de idade	Total	Varóns	Mulleres	Grupo de idade	Total	Varóns	Mulleres
0-4	2.164	1.086	1.078	0-4	905	429	476
5-9	3.186	1.675	1.511	5-9	1.270	642	628
10-14	3.656	1.868	1.788	10-14	1.451	743	708
15-19	4.197	2.188	2.009	15-19	1.517	810	707
20-24	7.086	3.137	3.949	20-24	2.545	1.160	1.385
25-29	10.881	4.866	6.015	25-29	3.970	1.890	2.080
30-34	10.463	4.980	5.483	30-34	3.977	2.038	1.939
35-39	8.912	4.433	4.479	35-39	3.443	1.865	1.578
40-44	6.997	3.489	3.508	40-44	2.740	1.516	1.224
45-49	5.160	2.547	2.613	45-49	2.043	1.067	976
50-54	3.498	1.676	1.822	50-54	1.378	687	691
55-59	2.399	1.115	1.284	55-59	951	473	478
60-64	1.599	753	846	60-64	631	307	324
65-69	1.293	647	646	65-69	508	259	249
70-74	895	428	467	70-74	334	158	176
75-79	660	327	333	75-79	223	117	106
80-84	381	178	203	80-84	165	82	83
> 85	329	138	191	> 85	129	46	83
Todos	73.756	35.531	38.225	Todos	28.180	14.289	13.891

Fonte: INE - Padrón Municipal de habitantes.

A inmigración feminina comeza a considerarse un fenómeno social de entidade propia a partir do ano 1996. A chegada das inmigrantes coincide coa consolidación da democracia e a profunda transformación social e económica experimentada por España na década dos anos noventa, así como coa entrada do país na Comunidade Europea.

Resulta evidente que a inmigración resposta ás necesidades do país de orixe, pero tamén á situación do país de recepción: a mellora socioeconómica que vive España nos anos oitenta trae un incremento na demanda de man de obra non cuberta pola poboación autóctona, que é o que muda a súa tradicional condición de país de emigración nun receptor de inmigrantes.

A construción social do xénero que prevalece nas culturas occidentais ten a súa orixe na asignación de roles sexuais para a consolidación da identidade feminina e masculina, establecendo unha xerarquía de poder dun xénero sobre o outro. Este principio organizativo exclúe historicamente ás mulleres da toma de decisións tanto na vida pública coma privada e a discriminación multiplícase cando vai asociada a outros factores como a orixe racial ou étnica.


Os movementos migratorios femininos seguen asociándose a unha migración pasiva e dependente da emigración laboral masculina ou á prostitución, mais a feminización da migración que aconteceu durante estes últimos anos converte ás mulleres en suxeitos activos do seu proxecto migratorio.

Aínda que os condicionantes económicos seguen sendo uns dos principais elementos motivadores desta inmigración feminina, as novas relacións de xénero e o cam-

bio de valores dos países de acollida, os procesos de urbanización e a globalización das comunicacións e da información levan ás mulleres estranxeiras a substituír ás españolas no ámbito doméstico e do coidado das persoas dependentes e máis na súa función reprodutiva.

A Mancomunidade de Vigo conta con 420.020 persoas empadroadas nos diferentes concellos que a conforman. Deses 420.020 habitantes, 217.632 son mulleres, cifra que supón un 51.8% da poboación total.


Persoas empadroadas, por sexo.
Vigo e Área Intermunicipal.




Se centramos a análise desta poboación no número de persoas procedentes doutros países, a equidade entre homes e mulleres apréciase con maior claridade.

Na Mancomunidade de Vigo, no primeiro semestre de 2007, constan empadroados 16.762 estranxeiros/as, un 4% da poboación total. O número de mulleres inmigrantes ascende a 8.160 inscritas.

Persoas estranxeiras empadroadas, por sexo.
Vigo e Área Intermunicipal.



Persoas estranxeiras empadroadas, por continente.
Vigo e Área Intermunicipal.



Con respecto á nacionalidade, os parámetros aos que responden os movementos de poboación estranxeira no concello de Vigo e a súa Área Intermunicipal son similares aos nacionais.

Apréciase a maior presenza de inmigrantes procedentes do continente americano cun 52%, seguido de Europa cun 36% e, en menor medida, África cun 9% e Asia-Oceanía cunha porcentaxe de 3%.

En función destes datos avaliaremos os niveis de participación social das mulleres estranxeiras nos diferentes concellos da Mancomunidade.

Partindo do plantexamento de que a participación da poboación inmigrante na sociedade atopa o seu maior

expoñente a través da participación asociativa; da idea de que as organizacións sociais constitúense, polo tanto, nun eixe vertebrador da poboación inmigrante e de defensa dos seus intereses como base para a acción colectiva e como catalizadores do proceso de integración social, valoraremos a vinculación das mulleres estranxeiras ás mesmas.

Certo é que a muller inmigrante xoga un papel determinante nas sociedades de acollida tanto pola súa aportación económica como por ser unha ponte cara a integración. A súa capacidade de interlocución dálles cada vez máis protagonismo, como baluarte económico da familia pero tamén como elemento clave nos procesos de incorporación social a través da escola ou o barrio, onde interveñen moito máis que os homes.



Hipótese de estudo

Os supostos sobre os que partimos na investigación e que se pretenden verificar coa análise pormenorizada dos datos obtidos mediante as distintas fontes de información e documentación, enquisas e entrevistas, son as seguintes:

- A pesar da notábel cultura participativa que se vén consolidando nas últimas décadas na provincia de Pontevedra e, máis concretamente, no concello de Vigo e a súa Área Intermunicipal, o colectivo inmigrante descoñece os criterios que se utilizan na sociedade de acollida para distribuír os bens sociais e recoñecer os dereitos.
- A integración laboral non conleva integración social, senón que se configura como un elemento máis da realidade multifactorial que afecta negativamente ao colectivo estranxeiro e, con máis precariedade, ás mulleres inmigrantes, polo que non se debería establecer coma condición indispensable para o acceso á participación cívica.
- Para a sustentabilidade do sistema cómpre fomentar a implicación de todos/as na sociedade que estamos construindo e esta implicación vén determinada polas condicións máis ou menos favorábeis nas que poder decidir realmente sobre elementos concretos e importantes que melloren a calidade de vida dos implicados/as e a dos seus fillos/as, segunda xeración en España de estranxeiros/as.
- A experiencia nos servizos sociocomunitarios e municipais amosa unha poboación inmigrante que acude para cubrir unha necesidade e unha posterior desvinculación do recurso, mais é a propia Administración Local e Autonómica a que fomenta esta visión dos Servizos Sociais, tanto nos nacionais como nos estranxeiros/as.
- A muller inmigrante é o motor da integración debido aos cambios experimentados en Europa nos roles sociais de xénero nas últimas décadas. A súa presenza social é aínda minoritaria porque se atopan en parques, mercados ou escolas pero, actualmente, a toma de conciencia e a decisión de asociarse é imparábel, se ben é un proceso lento e xeralmente o asociacionismo fragmentase segundo as orixes.
- O descoñecemento do funcionamento da nosa sociedade civil – Asociacións Veciñais, ANPAS, etc - fai indispensable a necesidade de proporcionar ás mulleres os medios para encauzar unha acción política, social e económica que lles permita participar nas decisións públicas con propósitos de cambio na procura do sentimento de pertenza á sociedade.

Liñas de investigación

As variábeis que empregamos na investigación para o coñecemento máis en profundidade da realidade social e do fenómeno da participación activa da muller inmigrante na cidade de Vigo e a súa Área Intermunicipal, son as que se detallan a continuación:

- ▼ Número de persoas empadroadas nos concellos obxecto de estudo, en función do sexo.
- ▼ Número de estranxeiros/as empadroados, en función do sexo e a nacionalidade.
- ▼ Rangos de idade dos estranxeiros/as empadroados.
- ▼ Perfil da muller estranxeira residente na cidade de Vigo e a súa Área Intermunicipal.
 - Idade
 - Nacionalidade
 - Estado civil
 - Número de fillos/as
 - Situación familiar
 - Nivel de estudos
 - Situación administrativa
 - Situación laboral
 - Sector de ocupación

- ▼ Número de entidades inscritas nos rexistros municipais da Mancomunidade de Vigo, en función da área de actuación.
- ▼ Asociacións de inmigrantes presentes nos diferentes concellos.

Dos doce concellos que conforman a área xeográfica de análise e investigación - concello de Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Nigrán, Pazos de Borbén, Mos, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaior e Vigo – contamos coa colaboración directa de todos eles para a obtención dos datos cuantitativos necesarios para o presente proxecto, a excepción de elementos puntuais da súa realidade social que non puideron ser reflectidos neste estudo.



Obxectivos

Os obxectivos que se pretenden acadar coa investigación son:

▼ Obxectivo Xeral

Promover a busca, produción e difusión do coñecemento sobre as relacións de xénero e as súas causas e consecuencias na participación social como base da análise do cambio e desenvolvemento social da poboación inmigrante feminina residente no concello de Vigo e a súa Área Intermunicipal.

▼ Obxectivos Específicos

- Divulgar e publicar datos concretos que aporten o avance do coñecemento sobre as relacións xénero-migracións.
- Identificar as posíbeis causas da actual estratificación social e a súa relación coa desigualdade, a pobreza e a exclusión social.
- Utilizar os coñecementos científicos obtidos para a solución dos problemas que afrontan os diversos sectores feminizados e ocupados polas mulleres inmigrantes residentes no concello de Vigo e a súa Área Intermunicipal.
- Identificar os aspectos diferenciais da participación dentro do colectivo de inmigrantes en relación á poboación nacional.
- Analizar a opinión sobre esta realidade dos/as profesionais de diversos sectores da acción social.

Análise dos datos

A nivel nacional, Galicia ocupou tradicionalmente a primeira posición en canto a emigrantes retornados/as. Na década dos anos noventa e a pesar do proceso de involución demográfica experimentado, o saldo migratorio co estranxeiro mantívose sempre positivo e con tendencia marcadamente crecente, con máis notoriedade a partir do ano 1995.

Neste fenómeno adquiren unha importancia protagonista as redes sociais-familiares-migratorias establecidas polos emigrantes galegos/as das xeracións pasadas, condicionando altamente a evolución dos fluxos migratorios tal e como na actualidade os estamos experimentando. A súa forte influencia exercece tanto na decisión de emigrar así como na elección do país de destino.


Aínda que o emprego constitúe tradicionalmente un factor decisivo na atracción do fluxo migratorio, no caso de Galicia non é determinante ao estar vencellados moitos estranxeiros/as á nosa rexión debido ao proceso de emigración protagonizado polos galegos/as no século pasado. A medición da influencia destes factores económicos non resulta, polo tanto, exacta no noso caso, a pesar da estrutura de produción e o emprego que presenta Galicia e do crecemento que sufriron as cidades principais do Eixo Atlántico.

A poboación inmigrante distribúese espacialmente dun xeito similar á galega, nas provincias, cidades importantes e lugares onde as posibilidades de mellorar as súas condicións de vida son maiores. A cidade de Vigo configúrase, tanto a nivel da Mancomunidade como a nivel autonómico, como a rexión galega cun maior asentamento de estranxeiros/as. As causas desta distribución responden principalmente a motivos sociais e familiares.

O menor desenvolvemento económico da nosa comunidade e a súa máis tardía transformación dos modelos familiares e tradicionais da sociedade conlevou a vivencia do fenómeno da inmigración e a feminización do mesmo dun xeito menos acusado que noutras zonas do Estado.

A chegada de mulleres inmigrantes aumenta progresivamente ata dar un salto espectacular nos últimos seis anos e o número e heteroxeneidade de estranxeiras seguirá en aumento de manterse as tendencias actuais.

Persoas empadroadas no concello de Vigo e a súa Área Intermunicipal.





A INMIGRACIÓN FEMININA NA MANCOMUNIDADE DE VIGO

▼ CONCELLO DE BAIONA

No concello de Baiona figuran un total de 12.430 persoas empadroadas, das cales o 4.3% proceden de países estranxeiros.


A variábel do sexo amosa poucas diferenzas, tanto a nivel de nacionais como de inmigrantes, quedando equiparadas en ambos os dous casos. No caso dos nacionais, as mulleres representan o 50.4% e no das estranxeiras o 47.2% do total.

O número total de persoas empadroadas procedentes doutros países ascende a 551 habitantes, sendo comunitarios/as o 67.9% desta cifra e non comunitarios/as o 32.1% restante.


As nacionalidades con maior presenza no concello de Baiona son a portuguesa (174 habitantes) e a francesa (79 persoas), seguida da uruguaia (63 habitantes) e arxentina (59 persoas) con respecto aos países non comunitarios.

Segundo os datos totais, a poboación europea supón un 67.9% da inmigración, seguida da americana cun 32.1%. Tanto do continente africano como do de Asia-Oceanía non hai persoas empadroadas neste municipio.


Persoas empadroadas, por sexo. Concello de Baiona.



Persoas estranxeiras empadroadas. Concello de Baiona.



Persoas estranxeiras empadroadas, por sexo. Concello de Baiona.



▼ CONCELLO DE FORNELOS DE MONTES

Segundo os datos facilitados polo departamento de Estatística do concello de Fornelos de Montes, o número de persoas empadroadas ascende a 2.040, das cales o 2.4% proceden de países estranxeiros.


A variábel do sexo amosa certa superioridade no número de mulleres con respecto ao dos homes, superioridade que se repite nos datos de inmigrantes. No caso dos nacionais, as mulleres representan o 53.03% e no das estranxeiras o 55.1% do total.

O número de persoas empadroadas procedentes doutros países ascende a 49 habitantes, sendo comunitarios/as o 69.4% desta cifra e non comunitarios/as o 30.6% restante.


As nacionalidades con maior presenza no concello de Fornelos de Montes son a portuguesa (24 habitantes) en canto aos países comunitarios e a basileira (8 persoas) con respecto aos non comunitarios.

Segundo os datos totais, a poboación europea supón un 69.4% da inmigración, seguida da americana cun 28.5% e a africana cun 2.1%.


Persoas empadroadas, por sexo. Concello de Fornelos de Montes.



Persoas estranxeiras empadroadas. Concello de Fornelos de Montes.



Persoas estranxeiras empadroadas, por sexo. Concello de Fornelos de Montes.



▼ CONCELLO DE GONDOMAR

No concello de Gondomar figuran un total de 13.935 persoas empadroadas, das cales o 2.05% proceden de países estranxeiros.


A variábel do sexo amosa poucas diferenzas entre o número de mulleres con respecto ao número de homes, representando estas o 50.3% da poboación total do municipio.

O número total de persoas empadroadas procedentes doutros países ascende a 287 habitantes, sendo comunitarios/as o 36.2% desta cifra e non comunitarios/as o 63.8% restante.


As nacionalidades con maior presenza no concello de Gondomar son a uruguaia (105 habitantes) e a portuguesa (45 persoas), seguida da argentina (41 habitantes).

Segundo os datos totais, a poboación americana supón un 62.02% da inmigración, seguida da europea cun 36.2% e da africana cun 1.7%. O continente de Asia-Oceanía non conta con persoas empadroadas neste municipio.

Persoas empadroadas, por sexo. Concello de Gondomar.



Persoas estranxeiras empadroadas. Concello de Gondomar.



Persoas estranxeiras empadroadas, por sexo. Concello de Gondomar.



▼ CONCELLO DE NIGRÁN

No concello de Nigrán figuran un total de 18.108 persoas empadroadas, das cales o 4.7% proceden de países estranxeiros.

A variábel do sexo amosa certas diferenzas, tanto a nivel de nacionais como de inmigrantes, sendo superior o número de varóns nos dous casos. No caso dos nacionais, as mulleres representan o 49.5% e no das estranxeiras o 40% do total.

O número total de persoas empadroadas procedentes doutros países ascende a 860 habitantes, sendo comunitarios/as o 52.1% desta cifra e non comunitarios/as o 47.9% restante.


As nacionalidades con maior presenza no concello de Nigrán son a portuguesa (1.407 habitantes) e a búlgara (89 persoas) con respecto aos países comunitarios, seguida da brasileira (87 rexistrados/as) e a arxentina (84 inscritos/as) con respecto aos países non comunitarios.

Segundo os datos totais, a poboación europea supón 52.1% da inmigración que recibe o municipio, seguida da americana cun 45.3%, a africana cun 1.7% e, por último, a procedente de Ásia-Oceanía cun 0.8% do total.


Persoas empadroadas, por sexo. Concello de Nigrán.



Persoas estranxeiras empadroadas. Concello de Nigrán.



Persoas estranxeiras empadroadas, por sexo. Concello de Nigrán.



▼ CONCELLO DE PAZOS DE BORBÉN

Os datos facilitados polo Padrón do concello de Pazos de Borbén reflicten que o número de persoas empadroadas ascende a 3.190, das cales o 1.1% proceden de países estranxeiros.


A variábel do sexo amosa certa superioridade do número de mulleres nacionais con respecto ao dos homes – as mulleres deste municipio ascenden a un 53.9% -, superioridade que non se repite nos datos de inmigrantes, representando as estranxeiras o 45.71% do total.

O número de persoas empadroadas procedentes doutros países ascende a 35 habitantes, sendo comunitarios/as o 45.7% desta cifra e non comunitarios/as o 54.3% restante.


As nacionalidades con maior presenza no concello de Fornelos de Montes son a basileira (17 persoas) con respecto aos non comunitarios e a portuguesa (14 habitantes) en canto aos países comunitarios.

Segundo os datos totais, a poboación americana supón un 51.4% da inmigración que recibe o municipio, seguida da europea cun 45.7% e a africana cun 2.6%.


Persoas empadroadas, por sexo. Concello de Pazos de Borbén.



Persoas estranxeiras empadroadas. Concello de Pazos de Borbén.



Persoas estranxeiras empadroadas, por sexo. Concello de Pazos de Borbén.



▼ CONCELLO DE MOS

Segundo os datos facilitados polo departamento de Estatística do concello de Mos, o número de persoas empadroadas ascende a 15.359, das cales o 3.3% proceden de países estranxeiros.

A variábel do sexo amosa poucas diferenzas a nivel de nacionais, quedando equiparada a cifra de mulleres e homes neste caso, representando o 50.8% da poboación total a poboación feminina. En canto ás estranxeiras, estas supoñen o 42.9% do total de estranxeiros.

O número de persoas empadroadas procedentes doutros países ascende a 504 habitantes, sendo comunitarios/as o 46.6% desta cifra e non comunitarios/as o 53.4% restante.


As nacionalidades con maior presenza no concello de Mos son a portuguesa (205 habitantes) en canto aos países comunitarios e a arxentina (41 rexistrados/as), a colombiana (33 inscritos/as) e a marroquí (33 persoas) con respecto aos non comunitarios.

Segundo os datos totais, a poboación europea supón un 51.6% da inmigración, seguida da americana cun 34.7%, a africana cun 10.1% e a de Asia-Oceanía cun 2.6%.


Persoas empadroadas, por sexo. Concello de Mos.



Persoas estranxeiras empadroadas. Concello de Mos.



Persoas estranxeiras empadroadas, por sexo. Concello de Mos.



▼ CONCELLO DE O PORRIÑO

Os datos facilitados polo concello de O Porriño reflicten que o número de persoas empadroadas ascende a 17.945, das cales o 5.9% proceden de países estranxeiros.


A variábel do sexo amosa certa equidade entre o número de mulleres nacionais con respecto ao dos homes – as mulleres deste municipio ascenden a un 50.9% -, equidade que se repite nos datos de inmigrantes, representando as estranxeiras o 50.1% do total.

O número de persoas empadroadas procedentes doutros países ascende a 1.052 habitantes, sendo comunitarios/as o 41.7% desta cifra e non comunitarios/as o 58.3% restante.


As nacionalidades con maior presenza no concello de O Porriño son a portuguesa (338 persoas) con respecto aos países comunitarios e a brasileira (158 habitantes) e a colombiana (114 inscritos/as) en canto aos países non comunitarios.

Segundo os datos totais, a poboación americana supón un 45.4% da inmigración que recibe o municipio, seguida da europea cun 41.7%, a africana cun 10.7% e a procedente de Asia-Oceanía cun 1.7%.


Persoas empadroadas, por sexo. Concello de O Porriño.



Persoas estranxeiras empadroadas. Concello de O Porriño.



Persoas estranxeiras empadroadas, por sexo. Concello de O Porriño.



▼ CONCELLO DE REDONDELA

No concello de Redondela hai un total de 30.115 persoas empadroadas, das cales o 2.17% proceden de países estranxeiros.


A variábel do sexo amosa poucas diferenzas, tanto a nivel de nacionais como de inmigrantes, quedando equiparadas en ambos os dous casos. No caso dos nacionais, as mulleres representan o 51.3% e no das estranxeiras o 49.6% do total.

O número total de persoas empadroadas procedentes doutros países ascende a 653 habitantes, sendo comunitarios/as o 33.8% desta cifra e non comunitarios/as o 62.2% restante.


As nacionalidades con maior presenza no concello de Redondela son a marroquí (147 empadroados/as) en canto aos países non comunitarios, seguida da portuguesa con respecto aos países comunitarios (120 habitantes).

Segundo os datos totais, a poboación americana supón un 40.12% da inmigración, seguida da eropea cun 33.8%, a africana cun 23.9% e, por último, a procedente de Ásia-Oceanía cun 1.22% do total.


Persoas empadroadas, por sexo. Concello de Redondela.



Persoas estranxeiras empadroadas. Concello de Redondela.



Persoas estranxeiras empadroadas, por sexo. Concello de Redondela.



▼ CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS

Segundo os datos facilitados polo departamento de Estatística do concello de Salceda de Caselas, o número de persoas empadroadas ascende a 7.925, das cales o 5.5% proceden de países estranxeiros.


A variábel do sexo amosa certas diferenzas, tanto a nivel de nacionais como de inmigrantes, sendo superior o número de homes rexistrados en ambos os dous casos. No caso dos nacionais, as mulleres representan o 49% e no das estranxeiras o 44.2% do total.

O número de persoas empadroadas procedentes doutros países ascende a 435 habitantes, sendo comunitarios/as o 48.5% desta cifra e non comunitarios/as o 51.5% restante.


As nacionalidades con maior presenza no concello de Fornelos de Montes son a portuguesa (164 habitantes) en canto aos países comunitarios e a brasileira (65 rexistrados/as) e a argentina (35 persoas) con respecto aos non comunitarios.

Segundo os datos totais, a poboación europea supón un 48.5% da inmigración, seguida da americana cun 33.8%, a africana cun 15.4% e a de Asia-Oceanía cun 2.3%.


Persoas empadroadas, por sexo. Concello de Salceda de Caselas.



Persoas estranxeiras empadroadas.
Concello de Salceda de Caselas.



Persoas estranxeiras empadroadas, por sexo.
Concello de Salceda de Caselas.



▼ CONCELLO DE SALVATERRA DE MIÑO

No concello de Salvaterra de Miño figuran un total de 9.278 persoas empadroadas, das cales o 11.05% proceden de países estranxeiros.

A variábel do sexo amosa certas diferenzas, máis a nivel de estranxeiros/as que de nacionais, sendo superior o número de varóns nos dous casos pero de xeito máis acusado no número de inmigrantes. No caso dos nacionais, as mulleres representan o 49.7% e no das estranxeiras o 34.9% do total.

O número total de persoas empadroadas procedentes doutros países ascende a 516 habitantes, sendo comunitarios/as o 68.2% desta cifra e non comunitarios/as o 31.8% restante.


As nacionalidades con maior presenza no concello de Nigrán son a portuguesa (304 habitantes) en canto aos países comunitarios, seguida da brasileira (59 persoas) e a africana (33 rexistrados/as) con respecto aos países non comunitarios.

Segundo os datos totais, a poboación europea supón 68.2% da inmigración que recibe o municipio, seguida da americana cun 23.6%, a africana cun 7.6% e, por último, a procedente de Asia-Oceanía cun 0.4% do total.


Persoas empadroadas, por sexo. Concello de Salvaterra de Miño.



Persoas estranxeiras empadroadas. Concello de Salvaterra de Miño.



Persoas estranxeiras empadroadas, por sexo. Concello de Salvaterra de Miño.



▼ CONCELLO DE SOUTOMAIOR

Segundo os datos facilitados polo departamento de Estatística do concello de Soutomaior, o número de persoas empadroadas ascende a 6.602, das cales o 5.5% proceden de países estranxeiros.


A variábel do sexo amosa poucas diferenzas entre o número de mulleres con respecto ao dos homes, representando estas o 50.95% da poboación total do municipio.

O número de persoas empadroadas procedentes doutros países ascende a 340 habitantes, sendo comunitarios/as o 21.76% desta cifra e non comunitarios/as o 78.24% restante.


As nacionalidades con maior presenza no concello de Soutomaior son a marroquí en canto aos países non comunitarios (135 habitantes) e a portuguesa con respecto aos comunitarios (49 persoas).

Segundo os datos totais, a poboación africana supón un 42% da inmigración chegada ao municipio, seguida da americana cun 31.2%, a europea cun 21.76% e, por último, a procedente de Ásia-Oceanía cun 2.05% do total.

Persoas empadroadas, por sexo. Concello de Soutomaior.



Persoas estranxeiras empadroadas. Concello de Soutomaior.



Persoas estranxeiras empadroadas, por sexo. Concello de Soutomaior.



▼ CONCELLO DE VIGO

No concello de Vigo figuran un total de 297.028 persoas empadroadas, das cales o 4.9% proceden de países estranxeiros.


A variábel do sexo amosa poucas diferenzas, tanto a nivel de nacionais como de inmigrantes, quedando equiparadas en ambos os dous casos. No caso dos nacionais, as mulleres representan o 52.3% e no das estranxeiras o 50.4% do total.

O número total de persoas empadroadas procedentes doutros países ascende a 14.413 habitantes, sendo comunitarios/as o 28.7% desta cifra e non comunitarios/as o 71.3% restante.


As nacionalidades con maior presenza no concello de Vigo son a portuguesa (2.205 habitantes) con respecto aos países comunitarios e a brasileira (1.739 persoas), a arxentina (1.187 empadroados/as), a colombiana (1.176 inscritos/as) e a uruguaia (1.172 persoas) con respecto aos non comunitarios.

Segundo os datos totais, a poboación americana supón 58.2% da inmigración que recibe a cidade, seguida da europea cun 30.9%, a africana cun 7.8% e, por último, a procedente de Asia-Oceanía cun 3.05%.


Persoas empadroadas, por sexo. Concello de Vigo.



Persoas estranxeiras empadroadas. Concello de Vigo.



Persoas estranxeiras empadroadas, por sexo. Concello de Vigo.







A PARTICIPACIÓN SOCIAL NA MANCOMUNIDADE DE VIGO

As redes sociais de apoio defínense polas relacións internas que nelas se producen – amizade, de intercambio de axuda, afectivas, etc. – e nelas adoitan atoparse as canles necesarias para o acceso aos diferentes recursos. Estas relacións internas poden ser máis ou menos dinámicas en función dos colectivos que as protagonicen, aínda que a súa eficacia é bastante xeneralizábel.


Desde a perspectiva do proceso de integración dos/as inmigrantes, tratándose dunha poboación estraña ao entorno na fase inicial do seu asentamento e que descoñece os seus dereitos e obrigas legais e as posibilidades que a sociedade receptora lles oferta para a súa integración, son máis susceptíbeis de activar estes resortes persoais, dos que propabelmente son máis dependentes que calquera outro cidadán autóctono/a.

No concello de Vigo e a súa Área Intermunicipal hai dadas de alta nos rexistros municipais un total de 1.216 asociacións de diversa índole e ámbito de actuación.

Atendendo ás súas actividades, as Concellarías de Participación Cidadá seguen a seguinte estrutura para a súa clasificación:


- Asistencias e de Saúde
- Culturais e Artísticas
- Educativas e para a Formación
- Paz, Solidariedade Internacional, Dereitos Humanos, Marxinación Social, Valores, etc.
- Deportivas e de Lecer
- Sindicais e Profesionais
- Ecoloxistas e de Protección de Animais Domésticos
- Xuventude e 3ª Idade
- Mulleres, Homosexuais e de Problemas Familiares
- Veciñais, Consumidores, Sociocomunitarias e Socioculturais
- Outras

Número de asociacións por Concello. Mancomunidade de Vigo.



Os concellos de Mos, Salceda de Caselas, Fornelos de Montes e Gondomar non aportaron datos sobre asociacións.

Área de actuación das asociacións, por Concello. Vigo e Área Intermunicipal.




Unha visión crítica do tecido asociativo da área xeográfica de estudo permítenos averiguar con que recursos conta o estranxeiro/a nun momento de necesidade e, máis concretamente, se se vincula dalgún xeito a dito recurso.

O total de asociacións de inmigrantes inscritas nos rexistros municipais da Mancomunidade de Vigo ascende a 20, cifra pouco significativa se contamos co total de asociacións dadas de alta en cada municipio. Este dato representa un 1.6% da cantidade final.

Sendo un tema recorrente nos últimos anos a participación activa e crecente dos/as inmigrantes a través de organizacións asociativas que faciliten a súa mellor inclusión e permitan dar resposta ás súas necesidades, as asociacións de inmigrantes caracterízanse por:

- Son relativamente recentes, o proceso de asociacionismo atópase aínda nos seus comezos
- Teñen unha base e un modelo organizativo extremadamente feble
- Dispoñen de infraestruturas e recursos precarios
- Dependem, en moitos casos, da capacidade de liderazo e compromiso persoal dos/as seus representantes
- Teñen un carácter provisional debido á súa dependencia institucional
- Non actúan cunha proxección colectiva
- A súa intención é instrumental, de solventar os problemas máis acuciantes
- Non dispoñen dun horario de atención ao público fixo
- Non contan con profesionais contratados/as para a posta en marcha e o mantemento das súas actividades, dependendo do tempo de lecer e o carácter altruista dos/as seus membros
- Adquiren un carácter informal



Os concellos de Mos, Salceda de Caselas, Fornelos de Montes e Gondomar non aportaron datos sobre asociacións.

Sen dúbida, un ámbito fundamental de participación social das persoas migrantes é a constitución de asociacións de inmigrantes, nun proceso de acomodación ás nosas sociedades. Pero a conformación destes grupos ou asociacións leva un ritmo de crecemento máis lento que o da afluencia de inmigrantes, existindo cada vez un número maior de estranxeiros/as que non atopan apoio nos membros do seu propio colectivo e que potencialmente está en risco de exclusión social.

Das 1.216 asociacións obxecto de análise, excluíronse as asociacións de inmigrantes e pro-inmigrantes rexistradas nos diferentes concellos, pois centrouse a avaliación da capacidade asociativa dos estranxeiros/as en relación aos recursos normalizados que oferta a sociedade de acollida.

E, dentro deste amplo abano de organizacións que podemos atopar na Mancomunidade de Vigo, a compilación dos datos revelou unha participación nula e unha escasa adhesión desta colectividade ás asociacións autóctonas, sexan da índole da que sexan. Podemos esquematizar os resultados da seguinte maneira:

- Asociacións Asistenciais: 0
- Asociacións Culturais: 2
- Asociacións Educativas: 0
- Asociacións de Solidariedade: 3
- Asociacións de Lecer: 0
- Asociacións Profesionais: 0
- Asociacións Ecoloxistas: 0
- Asociacións Xuvenís e da 3ª Idade: 0
- Asociacións de Xénero: 0
- Asociacións Veciñais: 2
- ANPAS de Ensino Primario e Secundario: 0
- Outras: 0

Destas 7 persoas estranxeiras vinculadas a asociacións autóctonas, 5 son mulleres e 2 homes, e todos eles/as pertencen a países comunitarios.

O/a inmigrante configúrase máis coma un receptor/a dos servizos que ofrecen as asociacións do concello de Vigo e a súa Área Intermunicipal que coma un artífice da súa propia participación. Este protagonismo necesario para o proceso de integración queda relegado, se é o caso, única e exclusivamente á súa vinculación ás asociacións de inmigrantes.

Desde esta perspectiva, deberemos comprender que o avance cara a participación social dos/as inmigrantes pase pola necesidade de avanzar na súa incorporación plena a outras organizacións sociais, culturais, de cooperación, cívicas, veciñais, políticas, sindicais e reivindicativas xa existentes, é dicir, asumir de maneira crecente unha participación moito maior no resto de espazos cívicos, posibilitando unha maior inclusión cidadá desde espazos políticos, sociais e institucionais relevantes.

En canto ao contacto que poidan manter as asociacións de inmigrantes co resto de asociacións do concello onde manteñen a súa sede social, tamén é nulo, non habendo

ningunha colaboración ou intercambio de información entre elas. Só existe certa comunicación coas asociacións pro-inmigrantes e esta adoita ser unidireccional, da asociación que traballa con estranxeiros/as á asociación de inmigrantes para comunicar o seu programa de actividades e o seu conxunto de recursos e servizos á disposición destes beneficiarios/as potenciais.

Este feito evidencia a escasa interconexión entre as asociacións de inmigrantes e as asociacións da nosa comunidade, e inclusive, a escasa interrelación existente entre elas mesmas, constituíndose coma espazos compartimentados da realidade social da inmigración.



A MULLER INMIGRANTE DA MANCOMUNIDADE DE VIGO

Para determinar o perfil das mulleres inmigrantes enquisadas co obxecto deste estudo, establecéronse as seguintes variábeis de análise:


- Idade
- Nacionalidade
- Estado civil
- Número de fillos/as
- Situación familiar
- Nivel de estudos
- Situación administrativa
- Situación laboral
- Actividade na que traballa

É evidente que o método de enquisas presenta certas limitacións en canto á cantidade de información que

nelas é factíbel recoller, mais si nos pode axudar a establecer unhas liñas definatorias da realidade inmigrante feminina.

O fenómeno migratorio xa non é cousa de homes e a concepción da inmigración feminina como unha migración de “arrastre” e sen dereitos derivada da masculina vai quedando obsoleta tras a evolución sufrida nos desprazamentos de poboación nos últimos anos.

As mulleres que chegan a Galicia e se asentan dentro da Área Intermunicipal de Vigo da provincia de Pontevedra, son mulleres novas, en idade laboral e reprodutiva e que emigran para traballar. A maior parte delas atópanse dentro dos tramos de idade dos 21-40 anos.




Das mulleres que realizaron a enquisa, o 68.5% proceden do continente americano, concretamente de América Central e Sudamérica, non habendo ningunha representante de América do Norde.


No 24.7% correspondente ás mulleres con nacionalidades dalgún dos países comunitarios, sorprende o dato de que o 19.21% desta cifra reflecta o número de mulleres estranxeiras que, por algún dos motivos establecidos pola lexislación española, adquiriron a nacionalidade do noso país.

A porcentaxe de africanas, pola súa parte, ascende a un 5.8% e as procedentes de Asia-Oceanía a un 1.4%.

O 42% delas están casadas ou ben convivendo en parella, mentres que o 58% restante emigraron soas e non chegaron ao noso país mediante o proceso de reagrupación familiar.




Estado civil.



Son mulleres protagonistas da súa propia migración e independentes, aínda que o 29.5% teñen fillos/as ao seu cargo cos que conviven, debido a que a responsabilidade do seu coidado recae sempre nelas.

Moitas veces contan coa axuda da familia para afrontar os problemas derivados da emigración, mais un 10.2% vense obrigadas a acudir aos servizos sociocomunitarios do seu concello de residencia na procura dos apoios sociais que a marcha en solitario do seu país, as cargas familiares e a súa situación administrativa lle derivou.

Número de fillos/as.






Con respecto ao seu nivel de estudos, tan só unha das enquisadas está sen alfabetizar, posuíndo as demais algún título académico do seu país de orixe ou en trámites de homologación pola Administración Española.

O tópic de que a poboación inmigrante ten un baixo nivel cultural quedou obsoleto á luz dos datos recollidos

en diferentes campos por diversos organismos e institucións e, desmíntese igualmente, no caso das mulleres estranxeiras: un 60.8% presenta estudos medios, universitarios ou de formación profesional.

A grande maioría das mulleres inmigrantes estuda ou traballa a pesares da súa situación administrativa.





Os espazos de participación laboral admitidos para as mulleres inmigrantes son extremadamente reducidos. A precariedade dos empregos e a imposibilidade de acceder aos convenios laborais obrígalles a menudo a aceptar xornadas de traballo moi amplas.


O 31.4% das enquisadas atópanse en situación administrativa irregular, ben á espera dunha resolución favorable da súa solicitude de autorización para traballar ou, noutros casos, á procura dunha oferta de emprego que lles abra as portas da regularización.

Todas estas razóns contribúen moi notabelmente á invisibilidade das mulleres. Nas sociedades occidentais, as persoas marxinaadas son aquelas que fican á marxe do sistema de traballo, entendido este como a aportación

útil ao réxime social. A exclusión do traballo formal produce privacións materiais e reproduce inxustizas ao crear necesidades e negar a participación nos procesos de decisión das políticas públicas.

Esta situación deriva normalmente en estados de dependencia dos servizos sociais de base e orixina, por parte dos mesmos, unha actitude paternalista e arbitraria nas accións deseñadas e levadas a cabo por parte das diferentes Administracións.

Das mulleres enquisadas, tan só un 19.8% son inactivas ou estudantes, permanecendo no mercado laboral o 80.2% restante, sendo unha man de obra potencial e de aportación de capital na nosa sociedade.




O 64% delas realiza a súa actividade laboral dentro do sector servizos, sector caracterizado polos baixos salarios e a escasez de prestacións sociais asociadas.

Constitúen unha man de obra sectorializada que exige unha máis baixa cualificación e, asociado a este feito, conleva un maior desprestixio social, quedando abocadas á marxinalidade laboral. Elas tamén están discriminadas salarialmente respecto dos inmigrantes masculinos.

Sofren a descualificación profesional; aínda posuíndo un nivel de cualificación profesional e de estudos equipará-

bel á media española, as profesións que elas desempeñaban no seu país de orixe e o traballo que desenvolven no país de acollida non son equitativos e pertencen, na súa maioría, á economía somerxida.

Cando existen mercados de traballo informal, non suxeitos a contrato ou nos que a existencia do mesmo non existe, conleva que este tipo de traballos non sexan tidos en conta como "traballo", falseando a aportación á riqueza común que as mulleres realizan desempeñándose e extraendo estes ámbitos laborais do ámbito dos dereitos.



Esta situación aplicada ás mulleres e, ademais, ás mulleres estranxeiras, fai depender a súa situación social, a súa regularización e a súa integración de algo tan intanxíbel como un contrato de traballo.

E se temos en conta que a inmigración en Galicia distínguese do conxunto do estado español por ser unha inmigración máis feminizada posto que as mulleres representan un 52% dos inmigrantes e esta cifra segue en aumento, estamos ocultando e silenciando unha realidade social preocupante que se esconde tras o ámbito doméstico.

Moitas das funcións que desempeñan as mulleres prodúcense dentro do ámbito familiar e nos seus barrios, favorecendo así que outras persoas se beneficien e participan noutras esferas de participación social. A pesar de seren as mediadoras das súas comunidades – cos servizos sociais, sanitarios, educativos, etc. – e de que son diversas as esferas nas que intentan facerse notar, non podemos esquecer que na nosa comunidade e no noso país hai unha marcada tendencia a homoxeneizar ao colectivo das mulleres inmigrantes tanto cultural como etnicamente.



Conclusións

Na realidade galega podemos atopar tantos proxectos migratorios como mulleres inmigrantes. A feminización da inmigración é un proceso heteroxéneo que exige unha mirada diversificada e plural.

Os cidadáns/ás son os que constrúen as cidades, e aínda que os hábitats e os territorios condicionan ás persoas desde que nacen, a participación ten que servir para a integración social, sustentantada e adaptada ás características concretas de cada territorio e en función das súas redes complexas e dos seus vínculos cambiantes.

Nas redes primarias da familia, amigos/as, etc., - onde os vínculos son máis fortes - a convivencia establece as súas propias regras en cada cultura particular e desde elas se codifican e decodifican todas as informacións das comunicacións máis globais.

A muller inmigrante constitúe un elemento fundamental de integración na familia e desempeña no seo da mesma un dobre labor que pode parecer antagónico. Por unha parte ten un papel determinante no mantemento da cultura de orixe tanto no ámbito privado coma social e, ao mesmo tempo, son as encargadas da integración dos seus fillos/as e do núcleo familiar. Son receptoras e emisoras culturais a un mesmo tempo.

Non debemos entender a participación única e exclusivamente como a participación na esfera política, senón tamén a participación no asociacionismo, implicación nos medios de comunicación, espazos relixiosos, etc., a participación vai ligada á importancia de fomentar o sentimento de pertenza.

Mais o descoñecemento por parte das persoas inmigrantes dos recursos existentes na sociedade receptora e dos bens sociais e dereitos que lle son recoñecidos á súa chegada ao noso país, así como a ausencia dunha estratexia global que facilite a integración no seu municipio de residencia e que lles facilite, igualmente, a adquisición dunhas habilidades necesarias para acadar un nivel de autosuficiencia razoábel, conleva a dependencia deste colectivo dos programas de acción social promovidos polas diferentes administracións ou entidades privadas pro-inmigrantes.

Sería importante comezar a tomar en serio os dereitos sociais como dereitos que fican á marxe do mercado e que non dependen pola contribución que o individuo fai ao mesmo. Se a participación cidadá non está servindo para atopar solucións creativas ante os novos problemas e circunstancias sociais, seguirá perdendo sentido en si mesma, burocratizándose, e reducirase a discusións illadas das realidades cotiás dos cidadáns/ás.

Para entender a escasa implicación dos estranxeiros/as na participación social normalizada debemos comprender primeiro as súas diversas formas e analizar as peculiaridades dos seus protagonistas. Como grupo minoritario, atópase nunha clara situación de desigualdade.

As mulleres, ademais, son invisibilizadas polas políticas migratorias e a sectorización laboral e se temos en conta que as redes de prostitución convertíronse nos últimos anos nunha vía máis de “incorporación” aos países de acollida, a situación actual non é moito máis optimista.

O xénero, constituínte básico da organización da sociedade, adxudica tradicionalmente ás mulleres funcións e traballos alleos ao sistema de produción de bens e servizos, como son os de procreadora, coidadora e transmisora social. Por iso a participación social das mulleres inmigrantes prodúcese a través da cotidianidade, das tarefas ligadas ao rol tradicionalmente feminino, que se realizan maioritariamente no seu entorno veciñal e que implican unha multitude de relacións co exterior do ámbito puramente doméstico.

As condicións vinculadas ao ámbito social e ao ámbito laboral dificultan en grande medida a participación das mulleres migrantes porque teñen que resolver primeiro as súas necesidades vitais, persoais e familiares máis acuciantes, e a participación só pode producirse cando unha persoa ten as necesidades cubertas, tanto as laborais, como as emocionais ou de calquera tipo.

Esta muller atopa como principios obstáculos os derivados da lexislación española en materia de estranxeiría, que a forzan a manterse, polo menos durante un tempo,

na irregularidade administrativa, na economía somerxiada e na conseguinte marxinação social.

A falta de participación non é característica das mulleres inmigradas, senón que habería que partir da desigualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres que van impedir que as mulleres en xeral, e as minorías en particular, poidan acceder aos dereitos de participación política e social.

▼ PROPOSTAS

Cando falamos de participación, entendemos non un intercambio de información e opinións, senón un proceso de toma de decisións compartidas no que inflúen as variábeis do coñecemento claro dos problemas e das alternativas e o tempo, e uns mecanismos especialmente deseñados para acadar o fin. Por esta razón debe fomentarse a participación desde todos os ámbitos da sociedade e non compartimentala en aspectos definitivos como son a nacionalidade, a orixe ou o xénero.

Incorporación social non significa asimilación da minoría, senón contar globalmente con todas as partes do conxunto respectando as diferenzas que o sexo, a idade, a procedencia ou a relixiosidade poidan significar, para crear e estimular os mecanismos bidireccionais de igualdade de oportunidades. A participación debe contar con todos/as se o que buscamos é dinamizar as relacións internas e externas dos grupos. Integración para a superación da marxinação, pero non porque se acepte un patrón común, senón porque se abren posibilidades para todas as opcións.

Quizáis no momento actual no que nos atopamos o camiño da integración pase, desde as asociacións de inmigrantes ás que acuden os estranxeiros/as para interrelacionarse e na procura dun lazo de unión coa súa orixe, por dar a coñecer os mecanismos, bens e servizos – e o seu funcionamento – da sociedade de acollida.

A poboación migrante ten acotado o seu campo de acción-decisión nas asociacións que os representan e nas actividades e celebracións que desde as mesmas se programan. Pero o panorama social é moito máis diver-

sificado, como nova e diversificada é a realidade da inmigración na cidade de Vigo e a súa Área Intermunicipal.

Débase avanzar en conxunto no eido da participación cidadá e da incorporación social e as asociacións de estranxeiros/as non están cubrindo esta proxección globalizada, colectiva e a longo prazo que permitiría un maior aproveitamento e unha maior eficacia das institucións e organizacións sociais existentes e as de nova creación.



▼ DAVID MARTÍNEZ LÓPEZ

ASOCIACIÓN ÉRGUETE DE AXUDA AO TOXICÓMANO (VIGO)
ORIENTADOR-EDUCADOR E COORDINADOR ESCOLA DE PAIS

EN QUE CONSISTE A ESCOLA DE PAIS?

A Escola de Pais que promovimos este ano na Asociación Érguete concebiuse como un recurso destinado para os pais e nais, familia e profesionais da educación interesados en aprender a identificar condutas conflitivas nos menores.

QUE CLASE DE ACTIVIDADES LEVADES A CABO NA ESCOLA DE PAIS?

A primeira actividade que desenvolvimos este ano e que tivo unha moi boa acollida entre o sector da poboación á que ía dirixida foi o obradoiro “Normas e Límites para a Prevención na Educación”.

CAL FOI O PERFIL DOS/AS PARTICIPANTES NESTA ACTIVIDADE?

A verdade é que tanto a idea orixinal da Escola de Pais como as actividades programadas ao longo do ano tiveron unha mellor resposta por parte das mulleres que dos homes; supoño que este feito estará relacionado coa concepción tradicional de que a educación é “cousa delas”.

Sorprendeunos, tamén, o feito de que a maioría das que asistiron ao obradoiro eran mulleres moi preparadas intelectualmente e, ademais, moi sensibilizadas cos temas sociais, educativos, etc., e mantiveron en todo momento unha actitude moi participativa e de completa implicación.

Moitas eran estranxeiras, uruguaias neste caso, derivadas da asociación que este colectivo ten na cidade de Vigo. Semellaban mulleres que levan xa moito tempo en España e que coñecen perfectamente a realidade social do noso país.

POLA TÚA EXPERIENCIA NO TRABALLO CON DIFERENTES ASOCIACIÓNS DE GALICIA, EN QUE SECTOR DA POBOACIÓN APRECIAS UNHA MAIOR CULTURA OU CONCIENCIA ASOCIATIVA?

Nos contactos que eu mantiven con elas, principalmente coas relacionadas coa educación e sabemos que este é un sector moi feminizado, sen ningunha dúbida son maioría as mulleres, mulleres-nais e o resto adolescentes, sendo case imperceptíbel a presenza dos pais; atreveríame a estimar que un 80% dos/as participantes e inclusive da xunta directiva son mulleres.

SE TIVESES QUE TRASLADAR ESTA VALORACIÓN CARA O COLECTIVO DE INMIGRANTES, MODIFICARÍASE EN ALGO A TÚA PERCEPCIÓN?

A verdade é que non podo darte unha visión moi completa do movemento asociativo con respecto a este colectivo, xa que as actividades que programamos desde a Asociación Érguete espertaron sempre o interese entre as asociacións latinoamericanas, que son as que eu coñezo un pouco máis a fondo. E penso que non, que non a modificaría, creo que igualmente participan máis e de maneira máis constante elas que eles.

CAL É A IDADE MEDIA DOS/AS INTEGRANTES DESTAS ASOCIACIÓNS?

É xente nova. Creo que o intervalo de idade podería establecerse entre os 25-50 anos.

PENSAS QUE AS ASOCIACIÓNS DE INMIGRANTES CUMPREN UN LABOR COMPLEMENTARIO NA SOCIEDADE CUBRINDO ESPAZOS DE INTEGRACIÓN BALEIROS OU, POLA CONTRA, DUPLICAN SERVIZOS?

O ideal sería que fosen complementarias, pero se de feito duplican servizos habería que analizar máis ben o porqué. Pode ser que realmente exista unha actitude hostil cara eles/as nas sociedades receptoras ou tamén é posíbel que se vexan actitudes hostiles onde non as hai; pode que a raíz do problema radique nos propios complexos do/a emigrante.

A verdade é que a imaxe que verten a través das súas actividades á sociedade é a de estar un pouco “fóra de”, coma se o seu obxectivo primordial fose manter o vínculo de unión co país de orixe e non o de interactuar coa realidade social de aquí.

Este feito, por sí mesmo, non é algo negativo se fose un elemento máis do proceso de integración, pero o risco radica en estar perpetuamente “chorando a morriña”.

Isto xa sucedeu cos galegos e galegas que emigraron no século pasado. A pesares de ter este antecedente histórico ao noso favor para comprender de maneira máis global os procesos migratorios, a verdade é que as diferenzas entre ambas son notábeis. A nosa foi unha emigración de ida e volta, unha emigración laboral temporal que non exixía esforzos demasiado grandes para a integración. A inmigración que recibimos na actualidade ten un carácter completamente distinto xa que, en moitos casos, é unha inmigración definitiva.

CRES QUE É NECESARIO O ASOCIACIONISMO NESTE SECTOR DE POBOACIÓN?

Non é necesario que se asocien, pero útil sí, tendo en conta incluso que este asociacionismo ten tantas vantaxas coma inconvenientes. Depende tamén das expectativas coas que se cree o círculo asociativo. Algo que está claro é que resulta pouco útil compartimentar a actividade das asociacións, porque pecha portas á participación e a outro tipo de actuacións e actividades.

Quizáis o necesario sería que non existisen asociacións. Partindo da idea de que a integración real existiría no momento no que aprendamos todos/as a convivir coa diferenza e que este feito fose unha actitude normalizada, eu penso que o segredo reside na educación. Nós non mamamos de pequenos/as o que significa vivir con culturas diferentes e as diferenzas as establecemos os maiores. Aínda que en España non notamos aínda demasiado os problemas que acarrea a inmigración nas segundas xeracións, córrese o risco de estar fomentando a creación de guetos que en nada favorecen a convivencia en harmonía por ningunha de ambas as dúas partes.

CON RESPECTO AO TRABALLO QUE DESENVOLVES NO CÁRCERE DE “A LAMA”, QUE VALORACIÓN TE MERECE O AUMENTO SIGNIFICATIVO DO NÚMERO DE ESTRANXEIROS/AS?

O cárcere é un moi fiel reflexo da realidade que existe fóra, pero illado da sociedade. A poboación penitenciaria aumentou incrivelmente nos últimos anos e, nos dez que eu levo traballando con esta institución, notei o incremento de presos/as estranxeiros/as fará cinco ou seis anos.

No cárcere fórmanse guetos igualmente – os negros xúntanse con negros, os latinos con latinos, etc. – e a idea da inmigración e os comentarios pexorativos que se

poden escoitar con respecto ao tema son os mesmos que os que vivimos nosoutros fóra, aínda que a verbalización é moito máis negativa.

O verdadeiro problema é que o traballo e as leis van sempre uns pasos por detrás da realidade.

SEGUNDO A TÚA EXPERIENCIA PROFESIONAL, PENSAS QUE A POBOACIÓN ESTRANXEIRA MANTÉN UNHA ACTITUDE PARTICIPATIVA ACTIVA?

Penso que se lles debería poñer menos trabas e facilitar máis as cousas para que esta participación, se é que se dá que é un dato que eu descoñezo, fose máis eficaz e efectiva.

E AS MULLERES ESTRANXEIRAS, DENTRO DA COLECTIVIDADE INMIGRANTE, PENSAS QUE SON UN FOCO MÁIS ACTIVO DA PARTICIPACIÓN?

A muller, en xeral, sexa cal sexa a súa procedencia, ten as cousas máis complicadas. Se na poboación nacional non é real a paridade, dificilmente se dará na estranxeira.

▼ JUAN HERMIDA

CONCELLEIRO DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ
CONCELLO DE NIGRÁN

QUE SERVIZOS OFRECEDES Á POBOACIÓN ESTRANXEIRA DESDE A CONCELLARÍA DE PARTICIPACIÓN CIDADÁ?

Actualmente, no Concello de Nigrán, a porcentaxe de poboación estranxeira ascende a un 2.8% da total.

Desde esta Concellaría ofrecemos todo un servizo de información, orientación e asesoramento ao asociacionismo, aínda que só houbo un intento, o ano pasado, de crear a primeira asociación de inmigrantes no municipio e paralizouse por múltiples circunstancias alleas a nosoutros/as. A verdade é que eles/as participan máis activamente nas actividades promovidas polo Concello, a través do Centro de Información ao Inmigrante.

CAL É A VISIÓN QUE DESDE O CONCELLO TEDES DO ASOCIACIONISMO INMIGRANTE?

Nós non percibimos aquí unha auténtica preocupación por fomentar as asociacións de estranxeiros/as e pensamos que aínda non xurdíu esta necesidade porque a nosa colonia de inmigrantes non é excesivamente significativa. A verdade é que aínda non se “nota” demasiado a chegada de inmigrantes e, os/as que hai, están bastante diluídos entre a poboación.

De todos os xeitos, tampouco a través dos servizos municipais podemos ofertar demasiados recursos, xa que non contamos con locais municipais de reunións nin con outro tipo de bens materiais e/ou económicos que axiliarían este proceso.

PENSA QUE, EN XERAL, EXISTE UNHA CULTURA PARTICIPATIVA DE BASE?

Na Área Intermunicipal de Vigo existe unha importante conciencia asociativa e unha postura moi activa con respecto a este tema pero, pola contra, no noso Concello a participación pode catalogarse de escasa.

Penso que, en xeral, a sociedade civil funciona bastante ben. A pesar de que esta sociedade moderna está cada vez máis despersonalizada, adóitase responder eficazmente aos chamamentos colectivos.

Na participación municipal sorprende o feito de que interactúan máis os homes nas actividades cotiás, mais a directiva destas asociacións está copada polas mulleres e elas son, ademais, máis “guerrilleiras” á hora da toma de decisións.

CONSIDERA QUE O FEITO DE SER UNHA “ÁREA SUBURBANA” DO CONCELLO DE VIGO CONDICIONA EN ALGÚN ASPECTO DITA PARTICIPACIÓN SOCIAL?

A verdade é que desestrutura a nosa actuación municipal en todos os ámbitos, non só no da participación.

O Concello de Nigrán aínda está na posición de poder ofertar postos de traballo á poboación inmigrante que chega, polo que non se atopan desamparados/as de todo e se lles abren portas factíbeis á supervivencia. Moitos deles/as, ademais, contan con familiares aquí, polo que os conflitos que poidan xurdir tampouco se tensan demasiado.

CAL É A NACIONALIDADE QUE MÁIS PREDOMINA ENTRES OS ESTRANXEIROS/AS QUE ESTABLECEN A SÚA RESIDENCIA NESTE CONCELLO?

Sudamericanos principalmente. Este feito facilita tamén moito as cousas, pois contamos cunha cultura moi similar e iso nos permite, ao mesmo tempo, medir a nosa capacidade de integración e acollida.

DE QUE DEPENDE, ENTÓN, QUE ESTE COLECTIVO ADOpte UNHA POSICIÓN MÁIS ACTIVA DE CARA Á SOCIEDADE COA QUE CONVIVE?

A integración é un problema multifactorial e, na medida na que os múltiples factores que interveñen se vaian corrixindo, poderemos establecer cales son os que teñen máis peso dentro da realidade social.

É común confundir ou pretender que a integración sexa o resultado do proceso de adaptación aos nosos estilos de vida e esta é unha realidade dramática, é un feito dramático, porque o proceso de adaptación non é máis que un mecanismo de defensa contra a discriminación.

Os estranxeiros/as demostraron desde a súa chegada a Galicia unha capacidade de integración espectacular e hoxe en día dita integración semella depender case exclusivamente deles/as e do seu esforzo.

CRES QUE É NEGATIVA A VISIÓN QUE OFRECEN AS ASOCIACIÓNS DE ESTRANXEIROS/AS DE NEXO DE UNIÓN CO SEU PAÍS?

Desde logo, case todas as asociacións de inmigrantes que coñezo, teñen coma obxectivo ser unha ponte de enlace co país de orixe, coas súas raíces. Non é algo negativo, é máis, atreveríame a apuntar que é necesario, mais non pode ser o seu obxectivo último nin prioritario se do que estamos a falar é de integración.

▼ MARGA BLANCO Y MARTA ALBADALEJO

CENTRO DE INFORMACIÓN A TRABALLADORES/AS ESTRANXEIROS/AS
CITE-VIGO

PODEDES ESTIMAR A PARTIRES DE QUE ANO COMEZARON A CONSTITUÍRSE AS PRIMEIRAS ASOCIACIÓNS DE INMIGRANTES NO CONCELLO DE VIGO?

No noso municipio comezaron a aflorar entre os anos 1998 e 1999, pero non só as asociacións de inmigrantes, senón tamén os recursos e entidades dirixidos a eles/as. Antes destes anos só existían na cidade Cruz Vermella, Cáritas e CITE-CCOO.

DENTRO DE QUE SECTOR DA PARTICIPACIÓN CIDADÁ PODERÍAN ENCUADRARSE EN FUNCIÓN DOS SEUS OBXECTIVOS E ACTIVIDADES?

A maioría teñen un carácter cultural, aínda que logo se diversifican en diferentes campos de actuación. Adoitan ser asociacións de punto de encontro, para reunirse, e esta laboura de información inicial si que a están cubrindo eficazmente. Mais, ás veces, algunhas delas adoptan unha actitude paternalista cos socios/as e descoidan o feito de que teñen que aprender a relacionarse coa sociedade por eles mesmos/as.

CALES SON AS NACIONALIDADES CUNHA MAIOR CONCIENCIA ASOCIATIVA?

Os latinoamericanos/as, en xeral. Quizáis urguaios/as e arxentinos/as. Ademais son os máis antigos e hai que ter en conta que os países latinos teñen máis cultura asociativa, máis cultura de asociarse.

CONSIDERADES QUE AS SÚAS ACTIVIDADES REALÍZANSE DE “PORTAS PARA FÓRA” OU, POLA CONTRA, SON MÁIS DE “PORTAS PARA ADENTRO”?

Maioritariamente, de portas para adentro. Pero pode que o erro sexa esperar ou pretender que as asociacións de inmigrantes cumpran a función de mecanismos únicos de integración.

CAL É A IDADE MEDIA DOS/AS INTEGRANTES DESTAS ASOCIACIÓNS?

O abano é moi amplo, mais poderíase establecer o rango de idade entre os 30–40 anos.

NA DINÁMICA DO SEU TRABALLO COTIÁ, BUSCAN ASESORAMENTO OU AXUDAS NOS SERVIZOS MUNICIPAIS?

A verdade é que consideramos que houbo desde o principio un erro no plantexamento da política de subvencións municipais e autonómicas. A Administración fomentaba o asociacionismo a golpe de subvencións, das que se constituían e subsistían moitas delas. Despois viñeron as consecuencias; cos recortes de financiación algunhas tiveron que pechar as súas portas por non poder afrontar os gastos.

Aínda que comezaran con moi boa intención, o fenómeno do asociacionismo de estranxeiros/as sobredimensionouse – aumentaban as súas actividades a medida que aumentaba a financiación – e así chegamos ao punto no que estamos hoxe, no que algunhas tiveron que desaparecer.

CONSIDERADES QUE HAI UNHA MAIOR PRESENZA MASCULINA OU FEMININA? E NOS CARGOS RELEVANTES?

No caso dos africanos/as, abundan máis os homes. No caso dos latinos/as, aínda que semellan participar máis os homes, as xuntas directivas adoitan estar constituídas por mulleres. Este feito pode deberse a que nos países latinos teñen máis tradición asociativa as mulleres que os homes, xa que alí existen moitas asociacións de nais, de campesiñas, etc.

VINCÚLANSE DALGÚN XEITO COAS DEMAIS ASOCIACIÓNS DO CONCELLO?

Non, non adoitan facelo. Pode que en casos puntuais, como celebracións con asociacións veciñais, pero como norma non.

O problema disto é cando se fomenta só o asociacionismo entre inmigrantes, e se esquece a necesidade de que as persoas inmigrantes participen en asociacións doutro tipo, non determinadas pola orixe nacional.

Os servizos municipais fomentan igualmente esta creación de guetos administrativos, xa que non atenden as súas demandas desde os recursos normalizados.

Apuntar, a modo de exemplo, o que está a suceder coa Oficina Municipal de Atención ao Inmigrante. A Administración non pode exercer de avogado e xuíz a un mesmo tempo, debería especializarse nunha soa tarefa e ou ben asesora ou ben emite informes de valoración.

CUMPLEN UN LABOR COMPLEMENTARIO NA SOCIEDADE, CUBRINDO ESPAZOS DE INTEGRACIÓN BALEIROS, OU POLA CONTRA DUPLICAN SERVIZOS?

Moitas veces, pola política de subvencións da que falabamos anteriormente, estas asociacións creáronse sen unha base e estrutura sólida. O obxectivo específico de punto de referencia queda cuberto en case todas, pero despois se distorsiona. É verdade que existen espazos baleiros, pero tamén duplican servizos.

Na teoría da asociación a integración aparece como un dos motores da súa constitución. Pero cómpre cuestionarse se o asociacionismo por nacionalidades ou pola orixe poder ser a mellor ponte cara a integración. Asociarse é bo, pero o único asociacionismo que se promove é o de nacionalidades ou de inmigrantes na súa condición de tales, polo que dificilmente poderá construírse esa ponte mencionada. O acertado sería, seguramente, promover a participación e levar a cabo as actividades de integración desde as asociacións da cidade - de veciños, de mulleres, deportivas...- .

Non temos máis que botar a vista atrás para lembrar o que sucedeu cos galegos/as no mundo. Ás veces, o costume de reunirse e asociarse só entre eles/as foi un obstáculo para interrelacionarse cos demais nos países de acollida.

CREDES QUE É NECESARIO O ASOCIACIONISMO NESTE SECTOR DE POBOACIÓN?

O asociacionismo, si é necesario, o que non é necesario é que se leve a cabo exclusiva ou primordialmente por nacionalidade ou pola súa condición de estraxeiros/as.

En Vigo creouse hai pouco a Asociación de Mulleres Árabes, que é un intento de crear unha asociación na que participen mulleres árabes e mulleres españolas.

CALES CREDES, ENTÓN, QUE SON AS CAUSAS CONDICIONANTES DA PARTICIPACIÓN SOCIAL POR PARTE DOS/AS ESTRANXEIROS/AS?

A verdade é que os estranxeiros/as amosan unha actitude pouco participativa fóra das súas asociacións, probablemente e sobre todo no colectivo de mulleres, porque estas teñen unha xornada laboral e unhas obrigas moi complicadas de cubrir.

Os puntos clave desta situación poden ser que descoñecen as vías de participación da sociedade receptora e que, a maiores, tampouco se lles facilita este coñecemento, razón pola cal o pouco tempo de lecer do que dispoñen - o problema dos seus tempos limitados - invírtenno nas relacións cos seus iguais mentres desde a sociedade non se lles ofertan actividades doutro tipo.

▼ JUAN CARLOS CASCALLANA ARROYO

AVOGADO

PODE ESTIMAR A PARTIRES DE CANDO COMEZOU VOSTEDE A TRABALLAR CO COLECTIVO DE ESTRANXEIROS/AS NO CONCELLO DE VIGO?

Desde o ano 1991.

CON QUE NACIONALIDADES TRABALLA MÁIS ACOTÍO?

Traballo tanto con africanos/as como con americanos/as (centro e suramericanos/as) e tamén con persoas procedentes do norde e centro de Europa.

CAL É A IDADE MEDIA DESTES ESTRANXEIROS/AS?

Atópanse entre os 25 – 35 anos.

CALES SON OS TEMAS DE CONSULTA MÁIS COMÚNS?

Temas legais relacionados cos problemas de residencia e alugueres, delitos contra a propiedade intelectual e industrial, explotación laboral, etc.

ATENDE A UNHA MAIORÍA DE HOMES, MULLERES OU, POLA CONTRA, AMBOS SEXOS ESTÁN EQUIPARADOS?

Máis ou menos igual.

TEN VOSTEDE RELACIÓN CON ALGUNHA ASOCIACIÓN DE ESTRANXEIROS/AS, XA SEXA LABORAL OU PERSOAL?

Si, con AIDA (colectivo de africanos/as con sede social en Vigo), e, tamén nesta cidade, coa Asociación de

Ghaneses e con ABRIGA, asociación do colectivo brasileiro.

BUSCAN ASESORAMENTO LEGAL Á HORA DE CONSTITUÍR ASOCIACIÓNS OU PENSA QUE COÑECEN OS PROCEDEMENTOS ESTABLECIDOS?

Eu non intervíñ na constitución de ningunha das asociacións, xa as constituíran eles.

CRE NECESARIO O ASOCIACIONISMO NESTE SECTOR DE POBOACIÓNS?

Si, como en calquera outro colectivo minoritario.

CONSIDERA QUE AS ASOCIACIÓNS DE INMIGRANTES TEÑEN UNHA ACTIVIDADE MÁIS PÚBLICA OU SON CREADAS PARA REALIZAR ACTIVIDADES DE “PORTA PARA ADENTRO”?

Coas que eu colaboro, teñen unha actividade máis de axuda aos seus integrantes.

PENSA QUE CUMPLEN UN LABOR COMPLEMENTARIO NA SOCIEDADE, CUBRINDO ESPAZOS DE INTEGRACIÓNS BALEIROS, OU POLA CONTRA DUPLICAN OS SERVIZOS?

Creo que cumpren un labor esencial de axuda aos seus membros e a persoas que, aínda que non estén asociadas, lles soliciten información e atención. En moitos casos, de non existiren estas asociacións, ninguén cubriría o espazo baleiro.

▼ ANA MARÍA ÁLVAREZ VELOSO

ENXEÑEIRA INFORMÁTICA E EDUCADORA INFANTIL

MEMBRO DA ASOCIACIÓN SOCIO CULTURAL DEPORTIVA “AMIGOS DE VENEZUELA”

PODE ESTIMAR EN QUE ANO SE CONSTITUÍU A ASOCIACIÓN Á QUE PERTENCE?

Hai aproximadamente cinco anos que se formalizou legalmente como asociación.

DENTRO DE QUE SECTOR DA PARTICIPACIÓNS PODERÍA ENCUADRARSE ESTA ASOCIACIÓN EN FUNCIÓN DOS SEUS OBIECTIVOS E ACTIVIDADES?

Principalmente realízanse actividades deportivas e sociais, aínda que tamén se oferta asesoramento legal e xurídico e servizos sanitarios (asistencia odontolóxica, etc.).

Á HORA DE CONSTITUÍRSE COMO ASOCIACIÓN, PROCUROUSE ASESORAMENTO NOS SERVIZOS MUNICIPAIS OU SE COÑECÍAN OS PROCEDEMENTOS ESTABLECIDOS?

Todo o proceso de creación da asociación e o asesoramento recibido para a súa posta en marcha foi facilitado polo Consulado de Venezuela en Vigo.

PRESENTÁDESIVOS ÁS CONVOCATORIAS DE SUBVENCIÓNS MUNICIPAIS?

Nestes momentos creo que non hai ningunha actividade programada para un futuro a curto prazo, polo que actualmente non.

VINCULÁDES VOS DALGÚN XEITO COAS DEMAIS ASOCIACIÓNS DO CONCELLO?

Coas asociacións do concello de Vigo houbo varios intentos de establecer algún tipo de relación que non saíron adiante, mais si que deron os seus froitos as relacións coa Asociación de Venezolanos/as da Coruña.

EMPREGADES OS ESPAZOS MUNICIPAIS PARA AS VOSAS ACTIVIDADES?

Sí, maioritariamente os espazos deportivos.

CAL É A IDADE MEDIA DOS/AS INTEGRANTES DESTA ASOCIACIÓN?

Menores de 18 anos e maiores de 40 anos.

HAI UNHA MAIOR PRESENZA MASCULINA OU FEMININA? E NOS CARGOS RELEVANTES?

Actualmente si son maioría os homes, tanto entre os socios/as como nos cargos relevantes.

PENSAS QUE AS ASOCIACIÓNS DE INMIGRANTES CUMPLEN UN LABOR COMPLEMENTARIO NA SOCIEDADE, CUBRINDO ESPAZOS DE INTEGRACIÓN BALEIROS, OU POLA CONTRA DUPLICAN OS SERVIZOS?

A verdade é que a intención é boa e se fan moitos intentos de colaborar no proceso de integración, pero existe moita falla de información aínda.

CONTEMPLADES ACTIVIDADES DE DESENVOLVEMENTO NO PAÍS DE ORIXE?

O total das actividades van encamiñadas a conseguir a integración dos/as inmigrantes en Galicia.

CRES NECESARIO O ASOCIACIONISMO ENTRE OS/AS INMIGRANTES?

Sí, sobre todo para non perder os costumes e raíces.

CALES CRES QUE SON AS CAUSAS DA ESCASA PARTICIPACIÓN INMIGRANTE NAS ASOCIACIÓNS AUTÓCTONAS E CALES AS CONSECUCIÓNS PARA A COLECTIVIDADE INMIGRANTE FEMININA E PARA A COLECTIVIDADE INMIGRANTE EN XERAL?

Unha das causas principais é o medo ao rechazo, e aínda máis agora, que os índices de xenofobia aumentan preocupantemente. Este feito fai que nos sintamos máis seguros entre persoas coa nosa mesma orixe.

Ademais, moitos españois e galegos/as amosan un carácter reacio que nos leva a sentirnos excluídos/as da sociedade e pouco dispostos/as á participación.

A pouca relación entre as diferentes comunidades de estranxeiros/as tamén se debe a esta diferenza de costumes, crenzas e/ou ideoloxías que, en moitos dos casos, veñen alimentadas por problemas políticos relacionados coas fronteiras: Colombia-Venezuela, Arxentina-Uruguai, Portugal-Vigo, etc.



Metodoloxía

Co presente estudo intentamos identificar os niveis de participación social da muller inmigrante na cidade de Vigo e a súa Área Intermunicipal, así como as diferenzas presentes nos aspectos cuantitativos e cualitativos desta participación en relación á poboación autóctona.

Do mesmo xeito, e mantendo unha perspectiva de xénero durante toda a investigación, aplicamos aos resultados a influencia dos roles sociais que lle son asignados ás mulleres inmigrantes no ámbito do seu proxecto migratorio e da incorporación social.

En relación aos obxectivos establecidos para a análise dos datos, a nivel específico, manexáronse as seguintes variábeis:

- Aspectos diferenciais da participación cidadá entre os residentes da Mancomunidade de Vigo.
- Aspectos diferenciais da participación social en función do sexo e da nacionalidade.

- Causas que dificultan a mellora dos niveis de participación e consecuencias previsíbeis.
- Barreiras que impiden a mellora cualitativa e cuantitativa dos índices de participación en función dos roles sociais de xénero desde a perspectiva da etnia e das migracións.
- Valoración que desde diferentes organismos e institucións da sociedade fan os/as profesionais do campo.

O ámbito de aplicación do noso estudo foron os diferentes concellos que conforman a Mancomunidade de Vigo (concello de Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Nigrán, Pazos de Borbén, Mos, O Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra de Miño, Soutomaior e Vigo) e as institucións, servizos e asociacións sociais que teñen a súa sede social nesta área xeográfica.

▼ FASES TEMPORAIS

Este proxecto foi realizado entre os meses de Agosto e Outubro de 2007, establecéndose as seguintes fases temporais:

- *1ª Fase (mes de agosto)*

Determinar a área de influencia do estudo e elección das técnicas, recursos humanos e materiais necesarios para levalo a cabo.

- *2ª Fase (mes de setembro)*

Solicitud de datos cuantitativos aos diferentes actores implicados na investigación e envío dos cuestionarios ás mulleres inmigrantes obxecto de estudo.

- *3ª Fase (mes de outubro)*

Compilación e análise dos datos obtidos e posteriores entrevistas persoais nos sectores significativos. Redacción e presentación do proxecto.

▼ RECURSOS UTILIZADOS

- *Recursos Persoais*

- > 1 Coordinadora do proxecto de investigación.
- > 1 Técnico Superior en Integración Social, persoa de apoio á investigación.
- > Profesionais das diferentes institucións que colaboraron desinteresadamente na elaboración e deseño do proxecto

- *Recursos Materiais*

- > Bibliografía en papel sobre o tema
- > Bibliografía e estudos publicados na rede internet
- > Artigos de investigación
- > Cuestionarios personalizados
- > Entrevistas persoais



Bibliografía

- PETIT PÉREZ, Amelia.** *“La participación desde un enfoque de género”*. 2005, Valencia.
- DE MIGUEL LUKEN, Verónica.** *“Inmigración y redes personales de apoyo”*. Revista Redes, Volumen 10-11, 2006.
- MESTRE, Ruth.** *“La exclusión de las mujeres inmigrantes de la ciudadanía (opresión, dominación, género y extranjería)”*.
- VILLAVICENCIO, Rosa Yolanda.** *“Participación e integración de los inmigrantes en España”*
- R. VILLASANTE, Tomás.** *“Participación e integración social”*
- NACIONES UNIDAS.** *“La mujer, la nacionalidad y la ciudadanía”*. Revista La Mujer en el 2000 y después. 2003.
- VVAA.** *“La mujer inmigrante en las entidades sociales del casco viejo”*. 2004, Zaragoza.
- CITE-VIGO.** *“Inmigración en Femenino”*. 2001, Vigo.
- VVAA.** *“Remesas, género y desarrollo”*. 2005.
- MARTÍNEZ TEN, Luz e TUTS, Martina.** *“Derechos humanos, mujer e inmigración: hacia una educación intercultural en el aula”*
- AYTO. DE ALICANTE.** *“El asociacionismo en torno al fenómeno de la inmigración en la ciudad de Alicante”*
- GÓMEZ GIL, Carlos.** *“Asociacionismo de inmigrantes: el reto de avanzar hacia su plena incorporación social”*. Revista Pueblos. Octubre de 2007.
- SECRETARÍA XERAL DE EMIGRACIÓN, Xunta de Galicia.** *“Os movementos migratorios en Galicia”*.
- MINISTERIO DE TRABAJO E ASUNTOS SOCIAIS.** *“Plan Estratégico de Ciudadanía e Integración 2007-2010”*.



ANEXOS

1. DATOS PERSOAIS

LOCALIDADE DE RESIDENCIA:

PROVINCIA:

IDADE:

- < 25 anos
- 25-35 anos
- 35-45 anos
- 45-55 anos
- 55-65 anos
- > 65 anos

ESTADO CIVIL:

- Solteiro/a
- Casado/a
- Parella de feito
- Divorciado/a
- Separado/a
- Viúvo/a

Nº DE FILLOS/AS: _____

IDADE DOS/AS FILLOS/AS: _____

CALES SON AS SÚAS EXPECTATIVAS FAMILIARES?

- Reagrupar á súa familia
- Reagrupar á súa familia noutro lugar
- Retornar ao país de orixe
- Formar unha familia en España
- Manter á súa familia no lugar de orixe

DATA DE ENTRADA EN ESPAÑA: _____

INMIGRANTE:

PAÍS DE NACEMENTO: _____

ÚLTIMA DATA DE RESIDENCIA NO SEU PAÍS (MES/ANO):

OCUPACIÓN NO SEU PAÍS DE ORIXE:

- Estudante
- Parado/a
- Ama de casa
- Xubilado/a
- Ocupado/a

SECTOR DE OCUPACIÓN:

- Sector primario
- Sector secundario
- Sector terciario
- Especificar _____

FACTORES QUE DETERMINARON A EMIGRACIÓN:

- Económicos
- Persoais
- Laborais
- Políticos
- Familiares
- Outros _____

2. ITINERARIO MIGRATORIO

CAL FOI O ITINERARIO MIGRATORIO? _____

CON QUE ESTATUTO ENTRÓU EN ESPAÑA?

- Turista
- Contrato laboral
- Refuxiado/a político/a
- Clandestino/a
- Reunificación familiar
- Outro _____

MOTIVO DESPRAZAMENTO A GALICIA?

- Laboral
- Familiar
- Político
- Amigos/as
- Outro _____

CAL É O PRÓXIMO DESTINO MIGRATORIO?

- Definitivo na cidade na que se atopa
- Traslado a outro punto de Galicia
- Retornar ao país de orixe
- A outra comunidade española
- A outro país

CAL SERÁ O MOTIVO DO NOVO DESPRAZAMENTO?

- Laboral
- Familiar
- Climático
- Cultural
- Outro _____

3. REDES DE INTEGRACIÓN

TRATO E RESPECTO ENCONTRADO EN GALICIA POR PARTE DE:

• POBOACIÓN AUTÓCTONA:

- Moi bo
- Bo
- Regular
- Malo
- Moi malo

• OUTROS INMIGRANTES ESTRANXEIROS/AS:

- Moi bo
- Bo
- Regular
- Malo
- Moi malo

VALORE O SEU GRADO DE RELACIÓN COA POBOACIÓN GALEGA NA VIDA DIARIA:

- Moi alto
- Alto
- Baixo
- Moi baixo
- Nada

CAL FOI O FACTOR MÁIS DETERMINANTE PARA INSTALARSE EN GALICIA:

- Familia ou amigos/as en Galicia
- Recomendáronlle este destino
- Un contrato de traballo
- Axuda dalgún organismo ou asociación
- Outros _____

PARTICIPA EN ACTIVIDADES SOCIAIS OU CULTURAI NON VENCELLADAS CON INMIGRANTES?

- Sí
- Non
- NS/NC

4. FORMACIÓN

NIVEL DE ESTUDOS:

- Analfabeto/a
 Sen estudos
 Estudos primarios
 Estudos secundarios
 Estudos de bacharelato
 Formación profesional
 Estudos universitarios
 Outros _____

ESTUDOS OU FORMACIÓN RECIBIDA ANTES DE EMIGRAR:

ESTUDOS OU FORMACIÓN RECIBIDA NO PAÍS DE ACOLLIDA:

NIVEL DE COÑECEMENTO DOS IDIOMAS GALEGO E CASTELÁN:

• GALEGO:

	Alto	Medio	Baixo
Entende			
Fala			
Escribe			

• CASTELÁN:

	Alto	Medio	Baixo
Entende			
Fala			
Escribe			

¿CONDICIONAN OS PROBLEMAS LINGÜÍSTICOS A SÚA ACTIVIDADE?

- Sí
 Non
 NS/NC

5. EMPREGO

PROFESIÓN: _____

TRABALLO OU ACTIVIDADE LABORAL REALIZADA ANTES DE EMIGRAR: _____

TRABALLOS OU ACTIVIDADES LABORAIS QUE REALIZA NO PAÍS DE ACOLLIDA: _____

ESTADO E RAMA DE ACTIVIDADE NA ACTUALIDADE:

- Ocupado/a
- Parado/a
- Xubilado/a
- Ama de casa
- Estudante

TEN TRABALLO?

• SÍ

- Indefinido
- Eventual
- Tempo parcial
- Prácticas
- Sen contrato
- Por conta propia
- Outro, cal? _____

• Non

CANTOS MESES ESTIVO EN SITUACIÓN DE DESEMPREGO EN ESPAÑA: _____

QUE NECESITA PARA INCORPORARSE AO MERCADO LABORAL:

- Cursos de formación, en xeral
- Cursos de actualización dos seus estudos
- Cursos de formación na súa profesión
- Cursos de formación en novas tecnoloxías
- Cursos de creación de pequena empresa
- Cursos de idiomas: galego ou español

QUE PROBLEMAS TIVO Á HORA DE PROCURAR TRABALLO: _____

6. PROTECCIÓN SOCIAL

SECTOR DE OCUPACIÓN:

- Sector primario
- Sector secundario
- Sector terciario

ACTIVIDADE LABORAL QUE REALIZA
NA ACTUALIDADE: _____

TEN AFILIACIÓN SINDICAL?

- Sí
- Non
- En cal? _____

RECIBE OU RECIBIU AXUDAS OU
PRESTACIÓNS DE ORGANISMOS OFICIAIS?

- Sí
- Non
- Cal? _____

CALES SON SEUS INGRESOS
ECONÓMICOS MENSUAIS?

- 0-300 euros
- 301-600 euros
- 601-900 euros
- 901-1200 euros
- máis de 1200 euros

QUE CANTIDADE DE DIÑEIRO ENVÍA
MENSUALMENTE AOS SEUS FAMILIARES?

_____ euros



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Política Lingüística



XUNTA DE GALICIA

PRESIDENCIA

Secretaría Xeral de Emigración



XUNTA DE GALICIA

VICEPRESIDENCIA DA IGUALDADE E DO BENESTAR



FUNDACIÓN

ÉRGUETE-INTEGRACIÓN

Avda. Martínez Garrido 21 - interior. 36205 VIGO

Tel. 986 253 176 / Fax 986 263 297

e-mail - funderguete@terra.es www.fundacionerguete.org

Subvencionado pola Presidencia da Xunta de Galicia. Secretaría Xeral de Política Lingüística